



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

GRAO EN GALEGO E PORTUGUÉS: ESTUDOS LINGÜÍSTICOS E LITERARIOS

TRABALLO FIN DE GRAO

***Resistencia, de Rosa Aneiros: Historia e  
memoria, ficción e realidade***

Diego Rivadulla Costa

Facultade de Filoloxía

Titor: Carlos Paulo Martínez Pereiro

Xullo 2014

## Resumo

A novela histórica ten sido, desde a súa eclosión no século XIX, un dos subxéneros narrativos máis cultivado en todas as literaturas mundiais. Este traballo, lonxe dos estudos de teoría literaria sobre o xénero histórico, pretende achegarse ao caso concreto dunha escritora que, empregando a Historia e a realidade, se ten convertido nunha das narradoras de referencia na literatura galega actual. Rosa Aneiros é, desde a publicación de *Resistencia* no ano 2002, alén de xornalista, unha escritora consolidada no noso sistema literario cunha preferencia especial por crear mundos ficticios onde a presenza da realidade histórica é determinante. Ao longo deste estudo, achegámonos, pois, a *Resistencia* para vermos como a autora emprega o “real/histórico” e en que medida isto pesa sobre a trama da obra. Veremos como as múltiples referencias temporais concretas localizan a novela nunha época histórica, a do Estado Novo de Salazar, que condicionará tremendamente o desenvolvemento e desenlace desta. Os protagonistas, Dinís e Filipa, son dous exemplos das vítimas da oposición salazarista e logo marcelista, que, ademais, participan nalgúns dos acontecementos clave da historia portuguesa como a guerra colonial en Mozambique, a represión política ou a Revolución dos Cravos. No entanto, a tendencia ao “real/histórico” non remata aí, senón que, como analizaremos, a fidelidade de *Resistencia* vén dada tamén pola narración exacta de episodios históricos concretos, pola alusión a figuras e institucións reais do Portugal do século XX e pola precisa localización espacial.

## Índice

Resumo.....	1
Introdución.....	3
1. Delimitación temporal da novela e localización na Historia de Portugal.....	6
1.1. A introdución da obra: presentación de personaxes e espazos nos comezos do Estado Novo (1920-1959).....	7
1.2. O nó da novela: a historia de Dinís e Filipa na segunda parte do Estado Novo (1959-1974).....	12
Os primeiros anos de amor nos comezos dos sesenta (1959-1963).....	12
Os primeiros anos da guerra colonial (1963-1966).....	16
Revoltas obreiras e represión na chegada do “marcelismo” (1966-1968).....	18
A prisión de Peniche e a caída do réxime (1968-1974).....	21
1.3. O desenlace da historia no Portugal democrático (1974-1994).....	26
2. O “real/histórico” ao servizo da ficción: usos da Historia e da realidade na novela.....	28
2.1. As digresións históricas.....	29
2.2. Outros usos da realidade e da Historia.....	34
2.3. Dous episodios emblemáticos: A guerra colonial e a prisión en Peniche.....	40
Conclusións.....	47
Bibliografía.....	48

ANEXO I: Cronoloxía paralela da Historia de Portugal e a historia de *Resistencia*

ANEXO II: Índice personaxes históricas

ANEXO III: Índice institucións e organismos históricos

ANEXO IV: Índice episodios históricos referidos na novela

ANEXO V: Entrevista Rosa Aneiros

## Introdución

A produción novelística de Rosa Aneiros, desde a publicación de *Resistencia* (2002), reflicte un interese especial por construír historias ambientadas en momentos históricos moi concretos, que a autora reconstrúe con fidelidade para cuestionalos ou, como ela mesma ten indicado, “para botar luz e rescatar do esquezo episodios que non deben ser soterrados nunha gabiá anónima da memoria colectiva” (*ERA*, 15)<sup>1</sup>. Se na exitosa *Resistencia*, Premio Arcebispo Xoán de San Clemente no 2003, evocaba a opresión e represión das vítimas do Portugal da ditadura de Salazar, en *Veú visitarme o mar* fai o propio coa catástrofe do Prestige na Costa da Morte e en *Sol de Inverno* retrata a vida dunha familia republicana galega que, ante o estalido da guerra civil española vese obrigado a fuxir a Barcelona e logo a Cuba. Por terse convertido nun éxito editorial sen precedentes e non só no sistema literario galego –foi traducida para o portugués e para o español–, ocuparémonos aquí desa primeira novela longa que consagrou a Aneiros como escritora referente da literatura galega actual, *Resistencia*.

Sobre a clasificación e adscrición xenérica da novela, Asorey Vidal (2007) indica, consideramos que acertadamente, que *Resistencia* é, sobre todo, unha novela de compromiso, herdeira do realismo crítico, porque constitúe un percorrido pola historia recente de Portugal e amosa como a colectividade padece a tiranía do Estado Novo de Salazar. A novela é, pois, segundo Asorey (2007: 37), “un mural e un canto á resistencia fronte á opresión”, polo que entronca coa chamada narrativa de resistencia do terceiro mundo<sup>2</sup>. Canto á tipoloxía, semella non haber dúbida de que *Resistencia* é, principalmente, unha novela histórica. A narración de feitos acontecidos nun tempo pasado, aínda que se trate neste caso dun pasado recente, a verdade dos acontecementos referidos e a verosimilitude dos personaxes e feitos ficticios constitúen proba suficiente para concederlle á novela de Aneiros o cualificativo de “histórica”.

---

<sup>1</sup> Cita extraída da entrevista realizada a Rosa Aneiros con motivo deste traballo, recollida no ANEXO V. De aquí en diante *ERA* (Entrevista Rosa Aneiros), seguida do número da pregunta a que facemos referencia.

<sup>2</sup> Como a de Aneiros, a narrativa de resistencia “proporciona una análise histórica máis desenvolvida das circunstancias da dominación económica, política, cultural e da represión” (Harlow, 1993: 111).

Sen entrarmos na polémica e eterna discusión sobre o que se debe considerar novela histórica, coidamos que esta obra cumpre boa parte dos requisitos sinalados por Lefere (2013) no seu intento de caracterización das obras denominadas con tal etiqueta. Gómez Rufo (2006), por outra banda, fala da novela histórica como pretexto –porque a época en que se inscribe a obra pode ser só iso– e como compromiso –polo que esta escolla pode ter de compromiso co pasado e con certas causas–. Coidamos, efectivamente, que *Resistencia* ten moito diso, mais o noso propósito neste traballo non será demostrar tales afirmacións, senón máis ben analizar o que a obra, como relato histórico, ten de real e de ficticio e como ambos elementos necesarios se combinan. A propósito disto, recollemos as seguintes palabras da autora extraídas do epílogo:

Os lugares, personaxes e acontecementos que se relatan nesta historia son reais. Algúns pertencen á realidade escrita nos libros de Historia e, tamén, na memoria das persoas que o viviron. Os outros, os que habitan na realidade inabrangüible da Literatura resultan reais na súa mensaxe, na súa denuncia, no seu desacougo e, tamén, no seu optimismo soterrado (*R*, 299)<sup>3</sup>.

Como vemos, Aneiros xoga, como escritora, coa realidade e coa ficción, mesturándoas, para conseguir o resultado que procura. Pois ben, o noso obxectivo é estudar o uso do “real” que fai a autora para conseguir ese resultado con éxito. Para isto, analizaremos en profundidade, por unha banda, como *Resistencia* se inscribe mediante unha precisa localización temporal, entre outros procedementos, nunha época da Historia portuguesa moi concreta –desde os anos 20 até os 90 do século pasado–, e, por outra, como a autora emprega a realidade histórica ao servizo da novela para enriquecela, logrando que as fronteiras entre o real e o ficticio se mostren ás veces extremadamente borrosas.

Con tal fin, dividiremos o traballo en dúas partes ben diferenciadas. No primeiro capítulo trataremos de pór de manifesto esa precisa localización temporal de que falabamos, a través dun percorrido polo argumento de *Resistencia*, para o que estruturaremos a novela en

---

<sup>3</sup> Citaremos a novela, de aquí en diante, pola edición de 2013 e referirémonos a ela coa abreviatura *R*, seguida do número de páxina correspondente á cita.

varias partes, de acordo coa época concreta en que se localiza cada momento. Ademais, referirémonos á realidade histórico-social de Portugal neses anos, dando conta dos aspectos desta que máis interesan no desenvolvemento da trama novelística. Xa no segundo capítulo do traballo, centrarémonos en varias cuestións relacionadas co uso que da realidade e da historia fai Aneiros, é dicir, os recursos que a autora emprega para incluír o “real/histórico” na obra e mesturalo co ficticio. Referirémonos á utilización de digresións históricas, á constante alusión a personaxes reais ou á rica e concreta localización temporal que caracterizan o libro.

Para alén diso, incluímos, finalmente, varios anexos que complementan o noso estudo e facilitan a súa comprensión. O primeiro deles (ANEXO I), que funciona como complemento ao capítulo primeiro do traballo, é unha “Cronoloxía paralela” que recolle a correspondencia entre acontecementos reais da historia de Portugal e os feitos narrados na novela. Os tres seguintes anexos (II, III e IV) conteñen un índice explicativo de personaxes históricas aludidas na obra, outro de organismos e institucións da época que son referidos tamén ao longo da novela e máis un índice de episodios históricos concretos, que son narrados en *Resistencia*. Coidamos que estes tres documentos, que constitúen unha especie de dicionario histórico de elaboración propia, serán de grande axuda para localizar máis facilmente a información sobre as figuras e organismos históricos que poidan aparecer tanto no argumento da obra –conteñen todas as referencias de aparición na novela– como no estudo do segundo capítulo do traballo.

O derradeiro destes documentos complementarios (ANEXO V) é unha entrevista realizada a Rosa Aneiros con motivo deste TFG. Sen dúbida, as palabras da autora sobre cuestións relacionadas co uso do “real/histórico” e coa súa presenza na ficción da obra clarificarán algúns aspectos que tratamos ao longo do noso traballo.

## 1. Delimitación temporal da novela e localización na Historia de Portugal

Para estudarmos a relación entre a historia ficticia de *Resistencia* e a Historia real de Portugal, a conexión entre a ficción e a realidade e o reflexo da segunda na primeira, debemos, antes de máis, dar conta da localización temporal da novela de Rosa Aneiros. A precisión espacial e temporal desta é unha das súas características innegábeis e, sexa dito tamén, o mellor instrumento para lograr unha historia realista e verosímil. A autora localiza perfectamente todos os episodios en espazos e tempos reais e concretos e, por tanto, facilmente identificábeis. Haberá lugar para falarmos dos espazos máis adiante, mais agora ocuparémonos do tempo de *Resistencia*. Para elo, faremos, a modo de resumo, un percorrido polo argumento da novela, dando conta da localización temporal desta en cada momento, e conectarémola coa Historia real, referíndonos á realidade portuguesa deses anos, para que a localización sexa completa.

O primeiro a termos en conta para o estudo do tempo na novela, alén da xa mencionada precisión temporal, é o emprego do *flashback* como técnica narrativa fundamental. As primeiras palabras do capítulo 1 (“Aquel día do verán de 1994”, R, 9) encamiñanse xa nesta dirección. Aneiros pretende situarnos ao inicio da obra nunha contemporaneidade, a do ano 1994, que dará lugar a unha ollada retrospectiva que constitúe toda a historia. Esta localización contemporánea será retomada nos capítulos finais –35 e 36– para pechar o relato. No entanto, todo o núcleo da obra –que consideramos do capítulo 8 (finais do 7) até o capítulo 34– constitúe, pois, un *flashback* formado pola historia de Dinís e Filipa, os protagonistas, desde que se coñecen en 1959 até o desenlace en 1994.

Podemos afirmar, por tanto, que o tempo da novela é, fundamentalmente, o da segunda metade do século XX, desde os anos 50 até os 90. Esa é a localización temporal da historia. Porén, atopamos en *Resistencia*, tras o capítulo 1 que nos situaba no 1994, e até o capítulo 8, onde comeza o núcleo da historia, unha serie de episodios introdutorios –do 2 ao 7– que funcionan a modo de presentación das personaxes protagonistas e dos espazos clave para o

desenvolvemento da novela. Deste modo, a partir do segundo capítulo, a autora preséntanos San Pedro de Moel, a Marinha Grande e o Pinhal do Rei, os que serán os tres escenarios fundamentais da trama, en que todo comeza e todo rematará. As presentacións das personaxes, pola súa parte, realízanse tamén a través da técnica da ollada retrospectiva, que pode ser a dos anos vinte, para contarnos o nacemento de Isaura ou Rui Rodrigues, ou a dos corenta, para situarnos na chegada ao mundo de Dinís e Filipa.

Distinguiremos, deste xeito, tres partes na estrutura da novela, que se corresponden cronoloxicamente con tres épocas da historia de Portugal e tamén, en liñas xerais, coas tres partes clásicas do relato: a primeira, que comprendería os capítulos iniciais –do 1 ao 7– funciona como introdución e recolle eses varios episodios de presentación, localizados, mediante a técnica do *flashback*, nos anos vinte (a historia de Remédios e o nacemento de Isaura no capítulo 5 ou o nacemento de Rui no 6, por exemplo) e a partir de 1940, cando nace Dinís; a segunda correspóndese, como xa indicamos, co núcleo da novela (capítulos 8-31), o nó na perspectiva clásica, que se localiza entre 1959 e 1974; finalmente, a terceira parte sería o desenlace da historia, do capítulo 32 ao 36, situada temporalmente após o 25 de abril, na época democrática, concretamente do ano 1974 ao 1994. Engadimos, a modo de anexo, un eixe cronolóxico que clarifica esta explicación e complementa este capítulo do traballo, en que se reflicten as correspondencias entre a evolución temporal da novela e a Historia de Portugal.

### **1.1. A introdución da obra: presentación de personaxes e espazos nos comezos do Estado Novo (1920-1959)**

Tras presentarnos a personaxe de Dinís no capítulo 1 como un “cincuentón silencioso e rosmón” (R, 10) na altura de 1994, no segundo, aínda coa presenza do protagonista no Penedo da Saudade<sup>4</sup> recordando o pasado e como chegou a ser un heroe, a autora localiza a vila de San

---

<sup>4</sup> Espazo clave da novela, onde se producirán moitos dos encontros entre os protagonistas. Está localizado, efectivamente, en San Pedro de Moel, sendo un dos maiores atractivos naturais da vila, e conta cun grande faro,



Pedro de Moel<sup>5</sup> e nárranos o nacemento do protagonista. Así, Aneiros dá un salto para situarnos agora nun día de abril de 1940, “nun Estado Novo que recrudecía a súa severa moralidade” (*R*, 13) e preséntanos a Isaura, unha nai solteira que resiste as ameazas e acusacións que recibe polo pecado cometido. O capítulo seguinte, alén de presentar a Marinha Grande<sup>6</sup> e o Pinhal do Rei<sup>7</sup>, pon o lector en antecedentes con respecto ao nacemento de Dinís. Así, situámonos agora nos anos anteriores a 1940, quizais no 38 ou 39, nun día de setembro ás cinco da tarde (*R*, 19), cando Isaura e António Gonçalves se coñecen. A partir dun primeiro encontro fortuíto, ambos fan o posíbel por volver encontrárense no Pinhal do Rei, que será testemuña da súa paixón amorosa. Desde o seu primeiro encontro sexual nun “marzo que zarrapicaba” (*R*, 25), a súa relación prolongaríase por máis de trinta anos, segundo a mesma autora indica no capítulo 4.

Xa no capítulo quinto, a través da personaxe da señora Carme, que funciona aquí como elo de unión entre dous tempos –foi quen criou a Isaura e agora fará o propio con Dinís–, volvemos a vista atrás de novo e situámonos aproximadamente en 1920, tal como apunta Aneiros. Coñecemos agora, pois, nos anos 20, a historia de Remédios, a nai de Isaura, e asistimos ao nacemento desta. Isaura chega ao mundo como froito dunha violación sufrida pola súa proxenitora, que é vítima das humillacións e vexacións dos operarios das fábricas da Marinha Grande e non logrará superar o parto, falecendo “varias semanas despois” (*R*, 34). A partir da metade do capítulo 5, a autora sitúanos de novo na década dos 40 e 50 para referirse brevemente a como Dinís vai medrando, asistindo a mudanzas político-sociais como o

---

inaugurado en 1912, que servía de aviso á navegación, mais tamén para detectar fogos no Piñal de Leiría (Ver nota 7).

<sup>5</sup> Pequena vila costeira de case 400 habitantes, pertencente á freguesía e concello da Mariña Grande, distrito de Leiria, en Portugal. Está situada a cen quilómetros de Coimbra polo norte e a douscentos da capital, Lisboa, polo sur, aproximadamente. Hoxe á unha vila turística, cuxa praia é procurada por familias para descansar e desfrutar das súas vacacións no período de verán.

<sup>6</sup> Cidade portuguesa pertencente ao distrito de Leiria, rexión Centro e sub-rexión do Pinhal Litoral, con cerca de 10.500 habitantes. É sede dun municipio de 38.681 habitantes (2011), subdividido en 3 freguesías e limitado a norte e leste polo municipio de Leiria, ao sur por Alcobaça e ao oeste polo océano Atlántico.

<sup>7</sup> O Pinhal do Rei, Mata Nacional de Leiria, ou Pinhal de Leiria é un bosque portugués que ocupa 11.080 hectáreas da costa atlántica entre as vilas de Leiría e Nazaré. Abrangue as freguesías da Mariña Grande e Vieira de Leiría, estando inserido única e totalmente no concello da Mariña Grande.

fortalecemento da ditadura salazarista a comezos dos cincuenta, que provocara que “as clases altas fosen máis altas e as baixas máis baixas” (R, 37).

No capítulo 6 hai un cambio de tempo de novo ao servizo da presentación das personaxes que protagonizarán a historia. Coñecemos agora a familia dos Rodrigues. Situámonos nos anos vinte e trinta, pois Rui Rodrigues nace “na segunda década do século XX” (R, 39) e aos once anos marcha a Lisboa para ingresar nun colexio de elite xunto coa súa irmá Filipa. Mentres, dona Leonor, a súa nai, fica soa en San Pedro de Moel coa ama de compañía Constanza. O pai dos rapaces marchara ao Brasil “dez anos antes” e xa non volverá, pois debido a unha carta que nunca chegou ao seu destino, a muller sempre pensou que el refixera a súa vida alá e el que a súa esposa non quixera acudir a reunirse con el. Será “unha mañá de febreiro de 1960, día quince” (R, 41) cando Leonor reciba a derradeira carta do seu home e descubra a verdade. Tras a breve historia do matrimonio, voltamos de novo aos anos trinta para coñecermos o sucedido “cando Rui e Filipa marcharon a Lisboa”. A morte desta en estrañas circunstancias con só 16 anos fai que Rui regrese co cadáver a casa e decida que nunca máis volverá a Lisboa.

A fin do capítulo sete está dedicado á evolución de Rui, que se licenciara en Ciencias Económicas en Coimbra e casará con Inés. A prosperidade do seu negocio de comercio transoceánico de café e azucre fai que a familia constrúa unha residencia de verán en San Pedro de Moel, facendo que a vila pronto mude para residencia de verán das familias mellor posicionadas da cidade que seguen o exemplo dos Rodrigues. É no capítulo 7 cando asistimos ao nacemento da outra protagonista da novela, Filipa, a filla de Rui e Inés. Sitúanos Aneiros en agosto do ano 1945, “duodécimo da era do Estado Novo e final da Segunda Guerra Mundial” (R, 53), un momento histórico convulso que ve nacer a Filipa Rodrigues, nena de ollos clarísimos, nariz pecoso e cabelo acibeche. A pequena vai medrando en Coimbra, rodeada pola atención constante de seus pais e con poucas e contadas visitas a San Pedro de Moel.

Esta primeira parte da novela, constituída pola narración de acontecementos que funcionan, como xa indicamos, a modo de introdución e presentación de personaxes e espazos, localizaríase temporalmente nas décadas comprendidas entre 1920 e 1950, aproximadamente. Estamos, por tanto, nunha etapa de mudanzas e consolidación do réxime ditatorial en Portugal. O Portugal da I República atopábase nos anos vinte inmerso nunha profunda crise. A pesar do goberno de António Maria da Silva<sup>8</sup> ter saneado as finanzas, había un total descrédito no parlamentarismo por parte de todas as alas da sociedade, que fai que o golpe de Estado do xeneral Gomes da Costa<sup>9</sup> o 28 de Maio de 1926 apenas atopase resistencia<sup>10</sup> nunha poboación cansada da incapacidade da clase política para resolver os problemas económicos e sociais (Labourdette, 2003: 550). Unha vez disolvido o Parlamento, rapidamente se instaura a ditadura militar no país. Porén, a estabilidade que se supoñía desta ditadura tarda en chegar. Sucedéronse oito gobernos, varios golpes e organizouse a resistencia republicana antiditatorial.

Tras a elección do xeneral Óscar Carmona<sup>11</sup> para presidente, en 1928, o até entón profesor da Universidade de Coimbra António Oliveira Salazar, que xa tiña pasado polo Ministerio, asumiu a carteira de Finanzas. Catro anos despois, en 1932, o doutor Salazar converterase en presidente do Consello e, ao tempo, no principal representante da represión de todas as liberdades no país. A Constitución de 1933, aprobada por plebiscito, converterá a ditadura militar nun réxime autoritario auto-intitulado Estado Novo, que mantíña a forma republicana e en que Salazar representa o máximo poder. De novo, as mudanzas atopan pouca

---

<sup>8</sup> António Maria da Silva (1872-1950) foi un político republicano que xogou un papel importante no movemento militar que en 1910 estabeleceu a República. Posteriormente, converteuse no dirixente do Partido Democrático, ocupando en seis ocasións a presidencia do goberno. A última delas, á que nos referimos no texto, foi entre decembro de 1925 e maio de 1926, durante o derradeiro goberno da I República Portuguesa (García, 2010: 139).

<sup>9</sup> Manuel Gomes da Costa (1863-1929): militar distinguido pola participación en operacións en Goa ou Mozambique que, debido ás súas posicións conservadoras, foi o elixido para liderar o golpe de Estado de 1926 en Braga, que derrubaría a República, iniciando o período de ditadura, en que ocupará uns meses o posto de presidente.

<sup>10</sup> Segundo Catroga (2011: 113), mentres moitos vían na ditadura un mal necesario, mais transitorio, outros querían como medio para regresar á monarquía e un terceiro grupo agardaba a oportunidade de constitucionalizar a ditadura como réxime.

<sup>11</sup> Militar que participou como ministro da Guerra no goberno da Ditadura presidido por Gomes da Costa. Tras uns meses como xefe de goberno, asumirá a presidencia da república, sendo reelixido máis de tres veces até a súa morte en 1951. É el quen, en 1932, nomea a Oliveira Salazar para Presidente do Consello de Ministros.

resistencia nunha poboación cansada da inestabilidade. Excepcionais son algunhas revoltas como a fracasada folga de carácter revolucionario que quería oporse á nova organización do traballo en 1934<sup>12</sup> ou o intento de revolta militar de setembro de 1935<sup>13</sup>. Con todo, tal como apunta Labourdette (2003: 556), “ninguén podía imaxinar que a lonxevidade do Estado Novo iría ultrapassar os quarenta anos”.

O Portugal “novo” de Salazar en que se crían Isaura ou Rui Rodrigues e a súa irmá era autoritario, antiparlamentar e antidemocrático. O Estado Novo era un estado corporativo, un réxime próximo á monarquía do Antigo Réxime, onde primaban os valores de Deus, a Patria, a familia ou o traballo. Son eses valores en que se desenvolve a vida dunha pequena vila coma San Pedro de Moel, en que Isaura, e moito antes a súa nai Remédios, se ven atacadas por serenais solteiras. No que ao traballo se refire, O *Estatuto do Traballo Nacional* definía unha organización corporativa baseada nos sindicatos nacionais, compostos por empregados e operarios. Neste sentido dos valores e do traballo, apunta a narradora da novela sobre António Gonçalves que “A súa vida seguía o rego do sacrificio demandado por Oliveira Salazar, do que o seu proxenitor era fiel vasalo (e de aí o seu propio nome, António, en homenaxe ao ditador), sen máis sentido que o marcado polas follas do calendario cristián de Nadal, Coresma e Resurrección” (R, 18).

O xefe de Estado debía garantir as liberdades esenciais e a orde; en palabras do propio Salazar, “a garantía das liberdades esenciais permite a tranquilidade na ordem, que significa a paz pública...” porque, segundo el, autoridade necesaria e liberdade posíbel, lonxe de seren incompatíbeis, eran garantes unha da outra (Labourdette, 2003: 560). Para cumprir este fin,

---

<sup>12</sup> Máis adiante, refírese Aneiros a estas revoltas cando, no capítulo 16, en pleno motín na fábrica de vidros da Marinha Grande, alude, a través do pensamento de António, a unha folga anterior no mesmo lugar: “Recordou entón o home aquel dezaioito de xaneiro de 1934 cando se producira unha folga xeral con atentados de bomba, tiros e sabotaxes en varias localidades portuguesas. O terror apoderárase da factoría de vidro ante a dura represión das forzas de seguridade [...]. Nunca o movemento obreiro volvería ser igual na Marinha grande. Agora, trinta e catro anos despois, un feixe de obreiros volverá intentar” (R, 129). Na realidade esta folga, organizada polo Partido Comunista Portugués foi iniciada efectivamente na Marinha Grande e fora violentamente reprimida pola PVDE.

<sup>13</sup> Sobre esta primeira etapa da oposición á ditadura militar e ao Estado Novo véxase Rosas (2003) e (2006).

Oliveira Salazar creou rapidamente a Policía de Vigilancia e Defensa do Estado (PVDE)<sup>14</sup>, que regulamenta o exercicio da liberdade de asociación e manifestación, reorganiza e reforza os servizos de censura etc. A industria, representada na obra pola fábrica de vidro dos Irmãos Stephens<sup>15</sup>, presentábase desde a década dos 30 como o sector máis dinámico da economía portuguesa. A este aspecto refírese Aneiros cando fala da fábrica da Marinha Grande que, “xa polo 1940 sumaba por centos os operarios”. Arredor desta industria, di a narradora, “medrou un mercado de produtos agrícolas e do mar que supuñan a base económica de miles de persoas do contorno, entre elas, os veciños de San Pedro de Moel” (R, 17).

## **1.2. O nó da novela: a historia de Dinís e Filipa na segunda parte do Estado Novo (59-74)**

### **Os primeiros anos de amor nos comezos dos sesenta (1959-1963)**

Ficabamos, antes da paréntese histórica, aínda no final do capítulo sétimo, até onde chegaría a narración dos precedentes da historia de *Resistencia*. Comeza aquí, pois, o núcleo da novela, que ten como punto de partida o encontro fortuíto entre os protagonistas Dinís e Filipa. Corría 1959 –dato que coñecemos porque o narrador nos indica que “tiña a rapaza entón catorce anos” (R, 55)– cando os Rodrigues van pasar por vez primeira as ferias en San Pedro de Moel. Porén, Inés ingresa no hospital e Filipa fica soa con dona Leonor na vila costeira cando “xuño tiraba os seus mellores dardos de luz e calor naquel verán de 1959” (R, 56). Os paseos por San Pedro de Moel e, concretamente, polo Penedo da Saudade onde os homes pescan, fan que rapidamente Dinís, un rapaz xa “de dezanove anos cicelados con area, suor, frouma e xerfa” (R,

---

<sup>14</sup> Véxase ANEXO III.

<sup>15</sup> Iniciativa industrial iniciada no século XVIII, cando a Real Fábrica de Vidros do antigo concello de Coia se traslada para a Mariña Grande, en 1748, sendo administrada por John Bearepor. Será, porén, Guilherme Stephens, co patrocinio do Marqués de Pombal, o responsábel do maior desenvolvemento da fábrica de vidro, que máis tarde vén a dar orixe á industria de plásticos e moldes. Embora hoxe en día a economía desta cidade xa non viva exclusivamente da actividade vidreira, a realidade é que durante máis de dous séculos foi así e, por tanto, a súa importancia no contexto histórico, social e económico deste concello portugués é innegábel.

58), que comezara a traballar de peón na fábrica de vidro dos Irmãos Stephen da Marinha Grande, xa no 1951, segundo a narradora nos indica, se fixe na filla dos Rodrigues.

Atopámonos, como xa indicamos, “no verán de 1959” cando Dinís, que acudía cada noite a pescar nos cantís do Penedo da Saudade, ve a Filipa por primeira vez e “soubo que non había robalo abondo grande como para motivalo máis que a busca daquela ollada azul” (R, 60). Non é casualidade que o capítulo oitavo se intitule «Dinís e Filipa», pois comeza aquí a historia de dúas personaxes de que até o momento só coñecemos os antecedentes e das cales, a partir de aquí, coñeceremos toda a súa vida, a través dunha narración feita cunha progresión temporal lineal. Así, o capítulo 8 presenta o primeiro encontro, tras o que os dous mozos comezan a falar e quedan cada tarde nun cantil para vérense: “Cada noitiña, co consentimento implícito da súa avoa, reuníase co Dinís nos cantís da ribeira” (R, 65). O verán pasa e con el o inverno e a primavera de 1960 até que “unha noite tépeda do mes de San Xoán” (R, 67), Filipa volta a San Pedro de Moel. Aquel verán de 1960 os protagonistas continúan coa súa xa afianzada relación amorosa, mentres que Rui e Inés seguen en Coimbra debido á enfermidade desta e a que o traballo nas colonias complicárase con revoltas que “advertiron que a panacea africana podía non ser eterna” (R, 68).

Remata ese verán de 1960 e os namorados teñen que volver separarse. Porén, desta volta Filipa pide a dona Leonor que lle aprenda a ler e a escribir a Dinís durante o inverno e, “á altura de xaneiro de 1961 xa Dinís asinou as súas primeiras misivas” dirixidas a Coimbra e ocultas tras o remite de dona Leonor. No verán seguinte –o do ano 61– o rapaz pide un mes de quenda só matutina na fábrica para poder desfrutar da compañía de Filipa e consegue que o seu amigo André lle de traballo na praia de San Pedro de Moel conseguindo, así, estar máis preto da súa namorada durante parte do día. Neste verán de 1961, os protagonistas continúan, pois, coa súa relación, agora agochados dos pais da rapaza, que ese ano si pasaran as ferias en San Pedro de Moel. O verán pasa rapidamente, quedando no recordo de ambos unha xornada inesquecível en

São Martiño do Porto<sup>16</sup> a onde escaparon para ter algo de intimidade. Así pasou tamén o inverno e máis un verán para a parella –do ano 1962– e escapou outro inverno e outro verán –de 1963–, “todos eles encadeados nunha cachoeira febril de sentimentos e emocións inexplicables” (R, 78).

Canto ao Portugal destes anos, a partir da década de 1950 prodúcese no país grandes mudanzas estruturais que lentamente alterarán mentalidades, modos de vida e comportamentos da sociedade portuguesa. A industrialización, o abandono dos campos e a emigración, a apertura a Europa e a guerra colonial producirán mutacións profundas nunha sociedade aínda tradicional. Porén, continuarán as dificultades económicas, como sinala Aneiros, que transmite ao lector que “a comezos dos anos cincuenta, o fortalecemento da ditadura salazarista provocou que as clases altas fosen máis altas e as baixas máis baixas. Houbo fame para quen non quixo traballar arreo e luxos das colonias para quen se vanagloriou de empresas prósperas” (R, 37). Efectivamente, a estratexia económica dos anos 50 revelárase ineficaz, sobre todo a partir dos 60 e o acentuado desnivel salarial provocou o aumento da emigración e da desruralización. Outro dos factores iniciadores da desestabilización foi, sen dúbida, a guerra colonial en África a partir dos sesenta, de que máis adiante falaremos.

No entanto, a crise non será só económica nestes anos. O réxime ditatorial de Salazar, e o salazarismo en suma, verase sacudido fortemente polo que se deu en chamar o “terremoto delgadista”, un inmenso e imprevisto movemento popular de esperanza e de protesta que percorre o país, potenciado pola personalidade do “xeneral sen medo” –Humberto Delgado<sup>17</sup>–, que obtén grande apoio nas eleccións á presidencia da República de 1958 (Rosas, 2003: 146). Corría, como dicimos, o ano 58 e Salazar convoca eleccións propondo como candidato o

---

<sup>16</sup> Vila portuguesa, sede de Freguesía do Concello de Alcobaça, é famosa pola súa grande baía, que foi un dos principais portos do país até finais do século pasado. A vila de São Martinho do Porto está localizada a 19Km da sede de concello, Alcobaça, e a cerca de 100Km da capital, Lisboa.

<sup>17</sup> Véxase ANEXO II.

almirante Américo Tomás<sup>18</sup>. Pola súa parte, Henrique Galvão<sup>19</sup> e António Sérgio<sup>20</sup> conseguen impor a candidatura de Delgado, que se presentou como “candidato independente”, cun programa conservador, mais coa firme promesa de apartar do poder a Salazar e impor, entre outras cousas, eleccións verdadeiramente libres no país. A inquietude leva ao goberno a tomar medidas drásticas para impediren “que a ordem fosse perturbada” (Labourdette, 2003: 583).

O resultado foi a fraude electoral xeneralizada, a represión violenta coa que se responde ás protestas populares contra a burla electoral e un sentimento de impotencia e revolta que inunda Portugal. O exilio do xeneral Delgado e o famoso “golpe da Sé”<sup>21</sup>, a fuga de Álvaro Cunhal de Peniche ou o asalto ao Santa María, dos que máis adiante falaremos, culminan un ano horríbel para o réxime, que sae vitorioso da batalla, aínda que moi ferido. O dominio da situación pasou, como dicíamos, por unha política de represión contra todos aqueles que tivesen a máis mínima actuación en contra da estabilidade do Estado Novo. Segundo apunta Labourdette (2003: 584), mesmo algúns intocábeis da oposición como António Sérgio ou Jaime Cortesão<sup>22</sup> coñeceron as prisións do réxime durante algúns días. O endurecemento do réxime continuou durante os anos seguintes e, de maneira xeral, todas as manifestacións de protesta, como as folgas estudiantís iniciadas en 1962 –aqueles “movementos estudiantís contrarios á guerra” (R, 104) en que Filipa comeza a participar ás agachadas– foron reprimidas severamente. O ano de 1962 foi, pois, o punto culminante da crise política aberta nos anos cincuenta, mais o réxime foi retomando, nos anos posteriores, o control da situación até a desaparición do ditador.

---

<sup>18</sup> Oficial de Mariña que chegou a presidente da República o 9 de agosto de 1958 como candidato salazarista na secuencia do afastamento de Craveiro Lopes e da derrota de Humberto Delgado nunhas eleccións cuxa autenticidade foi negada pola oposición.

<sup>19</sup> Ver ANEXO II.

<sup>20</sup> António Sérgio de Sousa (1883-1969) foi unha das figuras máis marcantes da política e da cultura en Portugal no século XX, que se revelou como un polígrafo crítico. Foi un opositor da ditadura e un dos principais impulsores da revista *Seara Nova*, que desde 1921 marcou de forma significativa o panorama cultural portugués (García, 2010: 265).

<sup>21</sup> Golpe de Estado planificado en Lisboa por varios militares e civís en marzo de 1959 co obxectivo de derrubar a Salazar tras o fraude das eleccións presidenciais do ano 58. O intento ficou truncado pola PIDE antes de levarse a cabo.

<sup>22</sup> Cortesão (1884-1960) foi un médico, escritor, político e historiador portugués. Como político, foi un defensor do réxime liberal e un opositor da ditadura, vivindo exiliado por esta causa a partir de 1927 en España e Francia e, despois de 1940, no Brasil.



## Os primeiros anos da guerra colonial (1963-1966)

Volvendo a *Resistencia*, será a finais daquel ano de 1963 cando as cousas muden para os protagonistas, que até este momento viven o seu amor sen demasiados obstáculos. Coñecemos no final do capítulo 9 que en pleno mes de defuntos, Dinís, aos seus vinte e tres anos, recibe unha carta das Forzas Armadas recrutándoo para a guerra colonial. Sen ningún interese en contribuír á causa, o protagonista ten que pasar uns meses nun centro de instrución preto de Lisboa até que chega a orde de embarque cara á zona do conflito. Así, no capítulo 10 («A guerra colonial como destino»), Dinís, rodeado de mozos orgullosos de se converteren en soldados, parte cara Mozambique desde o peirao lisboeta. Finalizaba xaneiro de 1964 cando, semanas despois da partida, chagan ao acuartelamento próximo a Vila Cabral, a capital da zona da lagoa de Niassa, en Mozambique<sup>23</sup>. Durante a estancia, Dinís enferma perigosamente e só se recuperará cando recibe as primeiras cartas de Filipa e da súa nai. Cumpridos os seis meses da súa chegada, a mediados do 64, o protagonista, que odiaba todo aquilo, coñece ao que se converterá no seu amigo inseparábel, Miguel da Silva.

Da Silva será o compañeiro e confidente de Dinís durante a súa obrigada estadía en Mozambique. Xuntos coñecen a Aaiá, unha nena nativa e chea de medo que sofre, como moitas outras mulleres, os abusos sexuais dalgúns soldados portugueses como o Antoninho, principal inimigo de Dinís, compañeiro na fábrica de vidro e irmán, pois é o fillo lexítimo de António Gonçalves e a súa esposa, Ana Barbosa. Miguel e Dinís protexen na medida do posíbel a rapaza, pois na realidade os tres son vítimas dunha guerra que nada lles importaba. O capítulo 11 iníciase no Nadal do ano 64 co inicio da loita armada contra a FRELIMO<sup>24</sup>. Durante catro meses –xa de 1965–, o protagonista e o seu amigo sobreviviron ao medo e aos disparos ao lonxe, mais nun dos ataques recibidos polo grupo de soldados portugueses caen varios homes atravesados

---

<sup>23</sup> Vila Cabral era o nome de antes da independencia de Mozambique a actual cidade de Lichinga, capital da provincia do Niassa.

<sup>24</sup> Véxase ANEXO III.

por coitelos, entre os que se atopa Miguel da Silva. A partir deste momento, a Dinís faráselle moi difícil levar o tempo até que, a finais de 1965, cando o protagonista “levaba xa un ano e oito meses en África” (R, 96), abandonaron Vila Cabral.

O imperialismo foi, desde os comezos, unha das bases do Estado Novo. Se nos anos 20 a grave crise financeira provocara un impás na política colonial, Salazar, unha vez chega ao poder, proclama que Portugal tiña por vocación “a función histórica e esencial de posuír, civilizar e colonizar domínios no ultramar” (Labourdette, 2003: 562). Así, o ditador organiza toda unha serie de manifestacións para exaltar a misión civilizadora da nación e fai súa a ideoloxía imperial que tiña inspirado todos os réximes precedentes. Porén, após a II Guerra Mundial e a creación da ONU coa consecuente afirmación do dereito dos pobos á independencia, creouse unha conxuntura favorábel á emerxencia de movementos anticolonialistas. Deste xeito, a mediados dos cincuenta aparecen en África as primeiras organizacións independentistas, primeiro en Angola e máis adiante en Mozambique e Guinea, como apunta a narradora no capítulo dez de *Resistencia*: “Angola destapara o tapón da botella dos conflitos ao que Mozambique e Guinea non dubidaran en sumarse” (R, 79).

A ONU é clara canto ao dereito á independencia e na “Declaración sobre a concesión da independencia aos países e pobos coloniais” especifica os dominios portugueses. No entanto, Salazar non pensaba abandonar a máis ínfima porción do por el considerado territorio portugués. A postura firme do ditador, que conta cunha total oposición exterior, incluídos os Estados Unidos, xunto coas revoltas nos territorios de ultramar, leva inevitabelmente á explosión dunha guerra que terá consecuencias nefastas para o país, mais tamén para o salazarismo. Como indica Aneiros, “a guerra nas colonias africanas comezara en 1961, tras décadas de revoltas e a tentativa absurda de Salazar de negar o evidente” (R, 79). Así, no momento en que Dinís é recrutado, a guerra xa hai dous anos que comezou e, tal como se apunta no capítulo 11 da obra, corría 1964 cando en Mozambique comezaron as accións armadas.

### **Revoltas obreiras e represión na chegada do “marcelismo” (1966-1968)**

Seguindo xa co argumento da novela, a longa viaxe de regreso dos soldados de Mozambique durou varias semanas, mais pasou rápido para Dinís, que desexaba fuxir e esquecer todo o vivido na guerra. Tras ser recibido na Marinha Grande por Isaura, dona Leonor acode a visitalo e darlle a noticia de que Filipa chegará á vila co seu pai nunha semana. A chegada da rapaza producírase, xa no capítulo 13 («Efervescencia»), nos inicios da primavera de 1966, como a narradora nos indica, así que debemos supoñer tamén que a volta de Dinís a San Pedro de Moel se produce aproximadamente unha semana antes, en marzo do ano 66. O protagonista volve ao traballo na fábrica de vidro, onde cada vez é máis infeliz, pola inxustizas de que son vítimas os obreiros a mans do capataz Caetano Gomes, amigo e defensor de Salazar. É nestes momentos cando chega ás súas mans o *Manifesto Comunista* de Marx, a través do compañeiro Raúl Guimarães, que o fai entrar en contacto co comunismo.

É, como dicíamos, na primavera de 1966 cando se produce o reencontro con Filipa, que é xa unha universitaria de 21 anos. Nos catro días que a rapaza pasou na vila non se separaron e Dinís toma conciencia de que nunca deixará de amala. Xa no capítulo 14, pasa o ano 66 coa incorporación deste ao movemento obreiro e as lecturas guiadas por Raúl, entre as que se encontran a revista *Avante!*<sup>25</sup>. Mentres Filipa, xa unida ás loitas estudiantís, se afilia tamén ao PCP en Coimbra, “chegou 1967 e foi marchando tamén coma se o tempo quedase atrancado nun muíño de auga cíclico e repetitivo” (R, 115). A aparición de 1968 “colleunos por sorpresa” (R, 118) e marcará o futuro dos protagonistas para sempre. O 17 de marzo morre Inés, a nai de Filipa, mentres que no país corren novas sobre os movementos revolucionarios que se están a producir en Europa contra réximes absolutistas. Dinís sente emoción, impaciencia e esperanza.

O capítulo 15, «O silencio caloroso da espera», relata a organización por parte de Dinís e outros obreiros dun motín na fábrica de vidro da Marinha Grande. Porén, este primeiro intento

---

<sup>25</sup> Sobre o PCP e a revista *Avante!*, véxase ANEXO III.

verase truncado por un amplo despregamento da GNR<sup>26</sup> que os disuade da súa intención. Así pasa o verán de 1968, en que se produce un grande incendio no Pinhal do Rei, co que comeza o capítulo 16 («Lapas incendiarias») e que semella un presaxio dos acontecementos que están por vir. Será o día trinta de setembro do 68, “cando apenas espertara a mañá na Marinha Grande” (R, 126), que un grupo de obreiros perfectamente organizados rebenta a suposta tranquilidade da fábrica de vidro dos Irmãos Stephen. O motín pronto se ve truncado pola chegada da PIDE, que salda o acontecemento con dous mortos, tres fuxidos e dous presos, Dinís e Raúl G. A derrota é evidente para os obreiros, para os mortos e para os que van en camiño da prisión de alta seguridade de Peniche, mais tamén para Isaura e António Gonçalves, para dona Leonor e para Filipa, xa que a vida de todos eles, desde ese día de setembro mudará para sempre.

A mañá seguinte á revolta, aparecen en San Pedro de Moel o capataz Caetano e dous gardas da PIDE a rexistrar a casa dos insurxentes. A aparición destes confirma as sospeitas de Isaura, que se ve humillada polo poder opresor, representado polos gardas e polo amigo do ditador, Caetano. O capítulo 18 narra as mudanzas que se produciron na vida de San Pedro de Moel desde aquel trinta de setembro do 68: “António Gonçalves apareceu pendurado unha mañá do piñeiro que fora testemuña dos seus amores prohibidos con Isaura” (R,. 138). O home non puidera soportar máis en silencio a dor de ver o seu fillo favorito preso nin o resto de acontecementos daquel día. Isaura é quen atopa o seu namorado aforcado no piñeiral e, coa axuda do André que aparece por alí, consegue baixalo. Ana Barbosa, a viúva oficial, e Isaura, a viúva na sombra, choraron aquel día pola perda dun bo home. O Antoninho e o Caetano, pola súa parte, maldixéronse por teren un pai e un fillo, respectivamente, tan débil.

A partir do capítulo 19 («O silencio de Dinís») atopamos a narración da vida dos protagonistas da novela desde o xa citado fracaso da revolta de setembro, da que Filipa soubo en Coimbra dous días despois, “dixérallo o silencio de Dinís” (p. 149). A rapaza fai unha

---

<sup>26</sup> Ver ANEXO III.

escapada a San Pedro de Moel para confirmar as súas sospeitas e, de volta na cidade, entra de cheo no movemento comunista clandestino. Corría o outono de 1968 e a filla de Rui convértese nunha conspiradora na súa propia casa, agochando os seus movementos ante a policía e ante o seu pai, que non podería nin imaxinar en que estaba metida. Filipa entrara en contacto cos familiares doutros presos políticos e Rosa, a muller de Lois, preso en Peniche desde 1950, ofreceuse a levala con ela á prisión para que puidese visitar a Dinís. A data escollida para a visita foi o dezasete de novembro de 1968.

1968 foi un ano clave nas vidas dos protagonistas de *Resistencia* como tamén o foi para a Historia de Portugal e, máis concretamente, para o Estado Novo de Salazar. Os anos sesenta preséntanse no réxime como os do fin, unha época de subversión absoluta, de ruptura de todos os límites, onde o vello ditador e a elite do réxime non se recoñecen (Rosas, 2003: 147). A oposición agardaba a morte do ditador, mentres a carga das guerras coloniais se tornara cada vez máis pesada. Acentúase e radicalízase, pois, a oposición ao goberno e, con ela, a represión por parte deste (Rosas, 2006: 94). Como a propia Aneiros recolle nunha das súas digresións históricas, no ano 68 “Europa fervía como unha ola a presión con ganas de estourar e botar polos aires tanta hipocrísia e turbadores réximes absolutistas que afogaban a millóns de persoas” (R, 118). Son, efectivamente, anos convulsos en Europa, polo “Maio francés” do 68, a ola de axitación no occidente europeo e nos EE. UU. ou a “Primavera de Praga”.

A oposición, como dicíamos, radicalizouse e foi máis activa que nunca nestes últimos anos de Oliveira Salazar. O Partido Comunista Portugués, ao que Dinís e Filipa se afilián en 1966 era un dos principais piares desa oposición que foi vítima, ao igual que o protagonista da novela, dunha política de represión durísima, con prisións, violencia contra os estudantes e asasinatos de dirixentes como H. Delgado<sup>27</sup> (Labourdette, 2003: 587). Tal como dá conta

---

<sup>27</sup> Rosas (2006: 94) fai fincapé en que os seis últimos anos do consulado salazarista estiveron marcados polo endurecemento xeral da represión, con feitos clave como o asasinato do xeneral Delgado, o asalto e peche da Sociedade Portuguesa de Escritores ou o agravamento da represión antiestudiantil.

Aneiros (*R*, 126), o 4 de setembro de 1968, Salazar, con 79 anos, foi vítima dun hematoma cerebral e, ante a incapacidade para gobernar, o Consello de Estado nomea a Marcelo Caetano como presidente e sucesor. Era o inicio do marcelismo, que comezou con grande apoio debido a promesas e esperanzas reformistas que se irán vendo frustradas nos anos seguintes, de acordo coa inmutabilidade propia do réxime (Rosas, 2006: 83).

### **A prisión de Peniche e a caída do réxime (1968-1974)**

A partir do capítulo 20 da novela coñecemos a situación de Dinís desde que fora preso na fábrica aquel 30 de setembro do 68, “culpable de atentado contra o Estado Novo” (*R*, 148). Tras a estadía nos calabozos da Marinha Grande, onde mallaran neles até a alma para que descubrisen os segredos da sublevación, el e Raul G. foran trasladados nun coche militar a unha fortaleza de pedra que non viran na vida, a prisión militar de Peniche<sup>28</sup>. Por seguridade, metéronos nunha cela de illamento total, impedindo calquera contacto exterior, “nun intervalo preventivo de tres meses” (*R*, 157). O 17 de novembro Rosa e Filipa visitaron Peniche, “terra de resistencia contra os ataques foráneos e actual fortaleza onde Marcelo Caetano, e antes Salazar, confina os disidentes ao seu réxime fascista” (*R*, 163), en palabras da propia personaxe de Rosa. Confiada e ilusionada, Filipa, facéndose pasar por unha sobriña desta, consegue ver a Dinís no parladoiro. A extrema delgadeza do rapaz, así como as mazaduras e feridas, fan que apenas poida abrir os ollos e a ela lle custe recoñecelo. Sen intercambiaren palabra, un policía sacou bruscamente a Dinís de alí, pois estaba nun réxime que impedía todo tipo de visitas.

Ante o acontecido, Rosa e Filipa foxen rapidamente do lugar e volven a Coimbra. Durante a viaxe destas, Rui descubre os enganos da súa filla e decátase de que a PIDE está a investigalos, polo que, cando a rapaza aparece na casa, comunícalle que deben escapar do país

---

<sup>28</sup> Como sinala Rodríguez Gallardo (2011), entre as prisións políticas especiais do Estado Novo destacaron a Cadeia do Aljude de Lisboa (1933-1966), o Forte de Peniche (1934-1974), a Colónia Penal de Tarrafal en Cabo Verde (1936-1954) e, para homes e mulleres, o Forte de Caxias (1936-1974).

antes de que sexa demasiado tarde. Así, tras despedírense de Leonor, ambos parten cara ao Rio de Xaneiro. Mentres tanto, Dinís, na prisión, está volvéndose tolo na cela de illamento. Sente angustia e desconcerto pola torturas que está a recibir, e, na súa “xornada noventa e nove” (*R*, 180) en Peniche, o recluso, que non soporta máis a situación, decide suicidarse. Porén, no día seguinte –a comezos do ano 1969, segundo os días que leva no cárcere, desde novembro do 68– é rescatado do illamento e, por tanto, salvado da morte. Como sinala a narradora, é o inicio dunha nova vida en prisión, “un punto e seguido a unha reclusión que distaba moito do que el proxectara naquela longa noite de pedra” en que pensara no suicidio como única saída (*R*, 181).

A partir de aquí, Dinís é consciente realmente de onde está e comeza a relacionarse cos outros presos de Peniche, sendo ese contacto o que o salve da morte en vida. A súa estadía, desde xaneiro do 69, nunha cela do terceiro piso do pavillón C do cárcere altermase desde este momento cos paseos no patio exterior e as breves conversas cos compañeiros. O protagonista “sobreviviou ao frío daquel inverno de 1969 cheo de angustia e contradicións” (*R*, 192) e coa chegada da primavera comeza a escribir as primeiras cartas a Filipa e a súa nai. Isaura recibiu a primeira en abril de 1969, segundo nos conta o capítulo 23. Ela e dona Leonor pasan cada vez máis tempo xuntas para mitigar a soidade e comparten os momentos de lectura das misivas que chegan desde Peniche para unha e desde o exilio brasileiro para a outra. Varios meses despois, Dinís coñecerá a Lois, o home de Rosa, e, da man deste, a fuxida de Filipa ao Brasil, unha nova que o protagonista recibe con tristeza e desespero. Grazas á axuda da Comissão Nacional de Socorro aos Presos Políticos<sup>29</sup>, Isaura visita Peniche por vez primeira e, cometendo unha grande imprudencia, mételle a Dinís entre a roupa limpa o enderezo da rapaza no Rio de Xaneiro.

A imprudencia de Isaura ten como consecuencia «A morte de Dinís no Brasil», no capítulo 24. Filipa, que cumpría os seus primeiros seis meses no exilio, recibe unha carta do cárcere de Peniche en que se lle notifica o pasamento do seu namorado e se lle roga que deixe

---

<sup>29</sup> Ver ANEXO III.

de enviar correo á prisión. Filipa acepta con resignación e sen máis remedio a nova, pois nunca nada soubo da correspondencia ininterrompida que Dinís lle escribía cada noite na súa cela. Mentres, este, no penal, anímase de novo coa idea suxerida por Raúl G. de prepararen unha fuga. Así chega o ano 1970 e, no capítulo 26, coñecemos algo máis sobre a vida dos Rodrigues no Brasil: Rui segue cos seus negocios, aínda que por non se saber adaptar ás novas regras do mercado, pouco a pouco foi indo a menos, sobre todo cando lle detectaron unha úlcera estomacal aos seus sesenta anos. O capítulo 27, «Mortes e outros exilios», dá noticia do falecemento de dona Leonor “unha mañá airosa de marzo de 1971” (R, 222) e a consecuente marcha da ama Constanza ao seu Alentejo natal, onde morrería un ano despois –en 1972–. A nova do pasamento de Leonor fai que Filipa decida soterrar o pasado para sempre e nunca máis volver a Portugal. A protagonista, deixando de lado o pesado compromiso da militancia política, tenta apurar os últimos grolos da mocidade como unha carioca máis.

Até o minúsculo universo da prisión chega tamén na primavera de 1971 a nova da morte de Leonor a través de Isaura, que acode cada dous meses á súa cita en Peniche. Neste capítulo 29, «Posible escapatoria», xa no outono de 1971, os presos falan sobre as posíbeis formas para fuxir do lugar. Porén, tras unha imprudencia de Dinís, que prepara por escrito unha fuga nunha folla que está a piques de ser descuberta polos gardas, todo fica en nada. Tras o verán, pasa o outono e logo o inverno que dá paso a 1972 “e con 1972 a primavera e logo o verán” (R, 240). No outono dese ano algúns presos son postos repentinamente en liberdade, o que supón un refacho de esperanza. No entanto, os grupos da resistencia indicaban que foran premiados eses presidiarios polo seu labor de espionaxe e por delataren a camaradas do movemento antifascista.

Chega 1973 e con el os trinta e tres anos de Dinís. Isaura aparece unha mañá en Peniche cunha ledicia innegábel no rostro. Parece que algo se movía fóra, a noticia chegaba por varias fontes e en toda canta comunicación se recibía do exterior había un refacho de aire fresco e ilusión. “Morreu a primavera e con ela marchou tamén o verán de 1973” (R, 245) e, neste clima,



Dinís recibe unha nota de Lois anunciándolle que a fuga vai adiante. Escaparían polo muro exterior e agocharíanse durante semanas nas illas Berlengas<sup>30</sup>. Coa chegada do Nadal, conseguen pasar varias limas á prisión mais, mentres están a preparar a escapatoria, “morreron febreiro e marzo –de 1974– cun barrote a medio serrar” (R, 248). A derradeira carta de Rosa en chegar a Peniche leva entre liñas unha mensaxe inequívoca: o réxime estaba a piques de caer<sup>31</sup>. O capítulo 31 conta o rápido que sucedeu todo xa na “media tarde do día vinte e cinco de abril do 74” (R, 249). Houbo un balbordo extraordinario na prisión e impediron todo tipo de visitas, sen dárenlles razón de ningún tipo aos presos. Chegaban voces do exterior e, por fin, na noite do 26 de abril foron liberados todos os encarcerados de Peniche e Caxias<sup>32</sup>, “os derradeiros homes en compartir a festa da chamada Revolución dos Cravos proclamada o día anterior” (R, 250). Dinís e os compañeiros, a maioría desconcertados, asomábanse á liberdade entre aplausos.

A estadía do protagonista en prisión localízase, como vimos, nos anos do “marcelismo”. Marcelo Caetano chegara ao poder no 68 apoiado por unha ampla parte da sociedade que vía nel a posibilidade de reformas e a apertura a Europa, mais nada tiña de demócrata nin de liberal (Labourdette, 2003: 589). O “marcelismo” era a consagración dunha corrente reformista do Estado Novo, que retomaba o proxecto de modernización política, económica, social e até mesmo colonial<sup>33</sup>. Porén, as expectativas de liberalización tradúcense nunha serie de medidas que no fondo non modifican nada, como o cambio de nome da PIDE, que pasa a ser denominada DGS<sup>34</sup>, ou a nova Lei orgánica de Ultramar<sup>35</sup> de 1972, que non consegue acabar coa guerra

---

<sup>30</sup> Arquipélago portugués, composto por illas graníticas, situado no Océano Atáântico, a 5,7 millas a oeste do Cabo Carvoeiro. As Berlengas dependen administrativamente da freguesía de São Pedro, en Peniche.

<sup>31</sup> Referímonos á última carta que Rosa envía a Lois á prisión adxuntando “un recorte do diario *República* onde se incluía nas páxinas deportivas a noticia “Quen traxará os leões”, na cal se concluía que “perdeu-se uma batalha, mas não se perdeu a guerra” (R, 248). Efectivamente, este xornal, dirixido por Raul Rêgo, desde sempre ligado à oposición ao Estado Novo, publica de forma criptográfica, na páxina de deportes, estas palabras o día 18 de marzo de 1974.

<sup>32</sup> Como xa temos indicado, Peniche e Caxias serían no 74 as únicas prisións políticas do réxime. Véxase nota 28.

<sup>33</sup> Para afondar nesta cuestión véxase Rosas (1999).

<sup>34</sup> Ver ANEXO III.

<sup>35</sup> Marcelo Caetano consagraba, con esta Lei, o principio dunha “autonomía progresiva” para as colonias, mais, na realidade, esta destinábase a privilexiar e perpetuar o sistema de dominación da poboación branca, e a fundar a prazo una autonomía ou una independencia controladas por ela (Labourdette, 2003: 589).

colonial<sup>36</sup>. A “evolución na continuidade”, cunha guerra cada vez máis pesada e unha total oposición exterior, provoca o desgaste das forzas militares, que levarán ao país á democracia<sup>37</sup>, pois a oposición política, confiada nas medidas reformistas, fica cada vez máis desorganizada e dividida.

O derrubamento do réxime virá, por tanto, da man dos capitáns militares que, convencidos da inutilidade dun combate colonial do que soportaban eles o peso principal e conscientes de que a guerra pasaba polo derrube do Estado Novo, encabezados por Spínola<sup>38</sup> e Costa Gomes<sup>39</sup>, acometen un primeiro intento de golpe o 14 de Marzo de 1974, sendo derrotados. O Movimento dos Oficiais das Forças Armadas (MOFA)<sup>40</sup>, en que os militares se organizaban, non desistiu e deu o golpe definitivo na noite do 24 de abril dese mesmo ano. Marcelo Caetano, ante a inminente vitoria do movemento, entregou o poder e, o día 25 de abril coa proclamación da Revolución dos cravos cae por fin o Estado Novo após unha ditadura de corenta e oito anos. A primeira medida, inmediata, será a liberación dos presos políticos das cárceres de Peniche e Caixas, como reflicte a nosa novela no capítulo 31, que vimos de narrar.

---

<sup>36</sup> A fin da guerra non chegará até ben avanzado o proceso de transición democrática, pois a cuestión imperialista será aínda motivo de varias crises dos sucesivos gobernos tras o 25 de abril (Medeiros Ferreira, 2000: 349).

<sup>37</sup> Sánchez Cervelló (2007) dá conta da ideoloxía de Caetano, claramente colonialista desde os seus comezos, e analiza como colonialismo e ditadura foron da man até a Revolución sen grandes mudanzas na política aplicada. A diferenza entre Salazar e Caetano redúcese, pois, a que este último, a pesar de manterse inflexíbel neste sentido, era consciente de que non podía gañar a guerra e, aínda máis, tiña a certeza de que a perdería (Sánchez Cervelló, 2003).

<sup>38</sup> Ver ANEXO II.

<sup>39</sup> Tras ser xefe do Estado-Maior General das Forças Armadas, en setembro de 1974 Costa Gomes (1914-2001) convértese en Presidente da República por nomeamento da Junta de Salvação Nacional, após a renuncia de António de Spínola. Ocupou a presidencia até xuño de 1976, altura en que se celebraron as primeiras eleccións libres para a escolla do xefe de Estado en Portugal, resultando vencedor António Ramalho Eanes.

<sup>40</sup> Reunidos en decembro de 1973, os capitáns das Forças Armadas, que xa levaban uns meses de conversas para procuraren solución á guerra colonial, deciden designar o coñecido como “movemento dos capitães” como MOFA. Serán estes os que preparen, entre febreiro e abril de 1974, a operación militar “Fim – Regime”, que triunfa o día 25 de abril dese ano. Só tras o éxito da operación, este Movemento dos Capitães se converte en Movimento das Forças Armadas (MFA), destinado a asumir o poder político no período de transición. Ver ANEXO III.

### 1.3.O desenlace da historia no Portugal democrático (1974-1994)

Tras máis de cinco anos entre aquelas paredes de Peniche, “exactamente, 1035 días, 290 semanas e case medio milleiro de cartas” (R, 255), Dinís collera o primeiro autobús da mañá – do día 27– camiño da Marinha Grande. Foi André quen o recolleu á altura do Pinhal do Rei e o protagonista chorou como nunca ao ver o mar. Pronto se integrou na vida política activa e, aínda que asistiu aos cambios políticos e reformas sociais que se produciron a partir de abril, refugou protagonismos e honras, fuxindo de ser un heroe. O verán do 74, a grande cantidade de turistas que ateigaron a vila colle por sorpresa a Dinís, que descobre que a casa de dona Leonor foi vendida polos seus herdeiros. Deste xeito, “o pasado quedara definitivamente pechado baixo o ferrollo do imposible” (R, 267). Nos meses seguintes, o protagonista volveu á fábrica de vidro, onde encabezou xunto a Raúl o movemento sindical e os compromisos coa célula local do partido. Así, “os anos pasaron velozmente”, tanto como os cambios políticos e sociais que os abordaron nos anos 80 (R, 269), mentres el viaxaba por todo Portugal sen esquecer nunca a Filipa. A pesar desa espiña na alma e de non perdoarlle a esta que nunca regresase, Dinís gozou de numerosas conquistas amorosas e do recoñecemento político, que o fixo medianamente feliz.

O capítulo 34, «Ritmo de bossa nova no corazón», é simultáneo no tempo aos tres anteriores, pois narra a vida dos Rodrigues no Brasil desde abril de 1974. Rui e a súa filla souberon da Revolución portuguesa varios días despois pola prensa brasileira, que anunciou a nova en grandes titulares. Porén, para eles a democracia chegaba demasiado tarde, pois pensaban que xa nada tiñan naquel país. Mentres a enfermidade do Rui avanzaba, Filipa levaba unha vida normal, traballando no mercado carioca, e tivo varias relacións amorosas, mais ningunha que borrara a pegada de Dinís da alma. No capítulo 35 prodúcese un salto temporal importante que nos sitúa dúas décadas despois da revolución de abril, en 1994. Seguimos no Brasil, mais estamos xa, por tanto, no tempo que abría a novela no capítulo 1. Un mediodía chuvioso, Rui, consciente de que a morte se achega, pide á súa filla que o enterre en Portugal.

Un mes despois, asiste Filipa á morte de seu pai no piso de Río e, aínda que se prometera non facelo nunca, embarca nun avión coas cinzas rumbo a Lisboa.

Esta derradeira parte da novela localízase, pois, na época democrática de Portugal. Tras uns anos de turbulencias revolucionarias, o país consegue asentar un réxime democrático avalado pola Constitución de 1976, que establece un réxime semipresidencial, dando un papel moi importante ao presidente da República, electo por sufraxio universal. As primeiras eleccións democráticas tiveron lugar en abril de 1976, convertendo o Partido Socialista na forza maioritaria e Mário Soares no primeiro xefe de goberno constitucional. O Portugal democrático concedeu a independencia ás colonias<sup>41</sup> e en 1986 logrou ingresar na Comunidade Europea<sup>42</sup>.

O derradeiro capítulo da novela conta o regreso de Filipa a Portugal. Tras chegar a Lisboa, a moza partiu nun coche cara ao norte, parou en Coimbra e seguiu até a Marinha Grande. A aparición do Pinhal do Rei fixo chorar á protagonista, que tirou alí as cinzas do seu pai, “á altura da Praia da Cuncha” (R, 288). Arrancou o coche e decidiu ir cara a Peniche, onde atopou un museo en que se podía visitar o lugar onde estiveran os presos do Estado Novo. Filipa entra sen dubidalo e descobre vitrinas cheas de recordos e documentación, entre as que hai unha serie de cartas co seguinte parágrafo explicativo: “Escritas polo preso Dinís á súa moza Filipa, exiliada no Brasil e que nunca cruzaron os portalóns da fortaleza” (R, 296). Leunas unha a unha e sentiu entón a protagonista que todo tivera sentido. Marchou de Peniche tan confundida como apresurada e, ao chegar aos enlaces coa autoestrada, adiviñou os carteis que indicaban Porto-Marinha Grande ao norte, Lisboa e Brasil ao sur. Non o pensou dúas veces, recordando as palabras de Dinís: “Agárdame, Filipa, agárdame. Eu agardareite sempre” (R, 298). Así finaliza a novela.

---

<sup>41</sup> Pódese dicir que a fin de facto do Imperio Portugués de ultramar ocorreu en 1975, cando as súas colonias proclamaran en masa a súa independencia e/ou viran a súa independencia recoñecida por Portugal. Sobre o proceso de descolonización, a relación da ONU con Portugal durante este e o acordo de Lusaca, entre a FRELIMO e o goberno portugués, véxase Medeiros Ferreira (2000).

<sup>42</sup> Para afondar no proceso de transición da ditadura á democracia, véxase Cunha Martins (2011).

## 2. O “real/histórico” ao servizo da ficción: usos da Historia e da realidade na novela.

Ao longo deste capítulo deterémonos brevemente en diferentes aspectos de interese relacionados co emprego que Aneiros fai da historia e da realidade na novela, tales como as digresións históricas que percorren a obra ou o uso de personaxes historicamente reais dentro da ficción narrativa. A presenza –e o tratamento máis ou menos rigoroso– de personaxes e acontecementos reais, documentados e transcendentales para a Historia –neste caso a portuguesa– son, sen dúbida, trazos característicos e definatorios da chamada “novela histórica” (Lefere, 2013: 49). A fidelidade á historia nesta novela, que seguiremos a comprobar ao longo deste capítulo, vai máis alá da verosimilitude das tramas, pois a autora procura a exactitude, de acordo coa tradición platónica.<sup>43</sup>

Segundo Franco Rubio (2008: 20), para que unha obra literaria poida ser considerada “histórica” debe comprender unha acción e uns personaxes situados en tempos pasados –iso xa o temos comprobado–, mais un pasado que poida ser constatábel cientificamente mediante a obra historiográfica, é dicir, a intencionalidade da verosimilitude perseguida polo escritor debe ser real, verificábel. A de Aneiros non so é verificábel senón tamén claramente visíbel a través das digresións contextualizadoras que a continuación veremos. A autora defende que a ambientación “ten que estar sempre ao servizo da historia particular que relatas”, mais neste caso é consciente de que “a contorna social e histórica é tan poderosa que, por momentos, cobra todo o protagonismo e acaba converténdose nun personaxe máis da novela” (ERA, 14)<sup>44</sup>.

---

<sup>43</sup> Mentres a poética clásica (platónica) se elabora arredor dos temas e oposición da ficción/realidade, falso/verdadero, a aristotélica, ao se construír en torno á categoría do verosímil, constitúe a ponte para una poética non realista (Lefere, 2013: 88).

<sup>44</sup> A autora insiste varias veces ao longo da nosa entrevista en que a historia real debe estar sempre ao servizo da ficción, actuando como marco ou pano de fondo (ERA, ANEXO V).

## 2.1. As digresións históricas

Para dotar de realismo a obra e precisar as localizacións temporais desta, a autora de *Resistencia* bota man do recurso que denominaremos digresións ou parénteses históricas, a través das cales vai describindo a evolución da historia de Portugal nos anos en que se localizan os distintos episodios da novela. Non pretendemos aquí, por falta de espazo, recoller todas as alusións históricas que Aneiros fai –algúns das cales xa foron mencionadas ao longo do resumo do capítulo anterior–, mais daremos conta daquelas máis extensas, esas digresións que consideramos teñen como función contextualizar un episodio ou capítulo da obra e que chaman a atención pola exactitude histórica .

Un dos criterios que sinala Lefere (2013: 93) na procura dunha caracterización intrínseca e tipolóxica da novela histórica é o modo de xestionar a información de carácter histórico. Segundo este, a xestión desa información faise en función dos coñecementos e descoñecementos por parte do lector. Así, pode presentarse mediante a clásica introdución inicial, por exemplo, ou mediante parágrafos específicos con datos históricos ostensíbeis (acontecementos e datas), explicacións de palabras ou hábitos etc. É este recurso das seccións ou parágrafos específicos, como dicimos, un dos máis empregados por Aneiros en *Resistencia*, como mostra este fragmento da primeira parte da obra:

Era agosto de 1945, duodécimo da era do Estado Novo e final da Segunda Guerra Mundial na que Portugal, escarmentada do desastre da Gran Guerra, rexeitara participar, malia os públicos afectos de Oliveira Salazar por Mussolini e Hitler. Europa comezaba unha nova confrontación que a había desangrar polos seus catro costados e con feridas abertas nos cinco océanos (R, 53).<sup>45</sup>

Son varias as veces que a autora refire, coma neste caso, o contexto histórico europeo relacionándoo co portugués, sobre todo a partir do capítulo 14, cando este tipo de digresións aumenta considerabelmente. Recordemos, por exemplo, como localizaba temporalmente a narradora ese mesmo capítulo: “A chegada de 1968 colleunos por sorpresa. Europa fervía coma

---

<sup>45</sup> Sobre a conexión do salazarismo con outros fascismos europeos coetáneos, véxase Reis Torgal (2000).

unha ola a presión con ganas de estourar e botar polos aires tanta hipocrisia e turbadores réximes absolutistas que afogaban a millóns de persoas” (R, 118). As alusións ao ambiente revolucionario europeo e á crecente oposición no país portugués neta época reflíctense tamén na seguinte paréntese histórica:

En Portugal comezaran a correr novas contradictorias de movementos revolucionarios en Europa. Seica París e Praga estaban a erguer proclamas libertarias cun ton estrañamente pacifista e daban azos ós opositores ó réxime salazarista para que nunha primavera puidese chegar tamén ás fabricas e campos lusos. Dinís a penas conseguía durmir coa emoción (R, 119).

A importancia xa mencionada do ano 1968 na novela e na historia de Portugal faise visíbel tamén nas numerosas alusións históricas aos acontecementos ocorridos neste ano en que Dinís e os camaradas preparan a revolta na fábrica da Marinha Grande:

Os preparativos estaban rematados en agardando o momento idóneo, e ese intre chegou en setembro. António de Oliveira Salazar sufriu unha trombose coronaria e cando Portugal quería crer que acabara o seu pesadelo particular, Marcelo Caetano foi elixido como substituto no Consello de Presidencia. O balbordo ocasionado polos cambios políticos permitiulles moverse con certa tranquilidade (R, 126).<sup>46</sup>

Porén, onde sen dúbida aumenta a presenza deste tipo de digresións é nos capítulos dedicados á guerra colonial e á prisión de Dinís en Peniche. Aquí Aneiros desprega unha grande cantidade de información que mostra un coñecemento preciso e exhaustivo de ambos feitos históricos. Non nos deteremos especialmente neles agora, pois reservamos un breve apartado do traballo para falarmos disto máis adiante. A modo de exemplo, recollemos a seguinte pasaxe en que a narradora alude a un suceso de enorme importancia no desencadeamento da guerra colonial portuguesa en Mozambique:

A masacre de Mueda en 1960, un local de gran tránsito de tropas e, por tanto, de doenzas contaxiosas, non conseguira baixarlles a líbido a uns soldados afeitos a horas de garda sen ningún sobresalto.

---

<sup>46</sup>Como xa mencionamos no capítulo anterior, o 4 de setembro de 1968, Salazar foi vítima dun hematoma cerebral ao caer dunha cadeira. Unha vez os médicos declararon a súa incapacidade para gobernar –non morrería até 1970–, o Consello de Estado deu inicio ao proceso constitucional para a súa substitución. Após ter consultado corenta persoas, o presidente Américo Tomás acabou por nomear Marcelo Caetano, que tomaría posesión o día 23 de setembro (Labourdette, 2003: 588).

Acontecera un dezaseis de xuño. Ese día tivo lugar o feito máis importante que precedeu a loita armada en Mozambique. Mueda, Cabo Delgado, 1960. Milleiros de agricultores da rexión reúnen para esixirlle ó gobernador, presente no lugar, unha mellora nas condicións de vida e a posibilidade de creación de cooperativas. Catro horas de reunión e as autoridades, fartas de non chegaren a un acordo cos labregos, deciden disolvela abrindo fogo entre a multitude. Medio milleiro de mortos [...]. Mueda quedou na memoria colectiva como unha metáfora da guerra (R, 87).<sup>47</sup>

Canto aos capítulos da prisión, recollemos a digresión histórica en que Aneiros refire algúns dos logros conseguidos polos presos do réxime mediante folgas e revoltas:

As sucesivas folgas de fame, a *greve da vassoura* do 35<sup>48</sup> pola falta de limpeza da prisión e, sobre todo, as coñecidas *gritarias* do ano 64 fixeran que [Marcelo] Caetano forzase certos mínimos para os presos a fin de calar as denuncias. Ese ano de 1964, e por mor de revoltas noutras prisións do país, os encarcerados viviran un período de dous meses de castigo que incluía o recorte das visitas e da recepción de comida e roupa lavada. Acumulábanse os alimentos podres e os sacos de roupa sucia [...]. Durante a noite, de catro en catro horas a partir das nove todos os reclusos gritaban ó unísono “¡Temos fame, queremos comer, queremos visitas!” [...]. Ó pouco tempo uníraselles moita da poboación de Peniche e as gritarias colectivas escoitáranse mesmo na vila veciña de Atouguia da Balea<sup>49</sup>. As represalias fóra e dentro, con familiares detidos e presos torturados, non evitaban que, efectivamente, as condicións de vida en Peniche melloraran (R, 189-190).

Non podemos deixar escapar a ocasión para referirmos esta outra paréntese histórica, pola importancia do acontecemento relatado e pola forma de introducila, no medio dunha conversa entre Lois e Dinís en prisión. A narración do feito histórico vese, por tanto, subxectivada pola paixón do primeiro deles, que se converte en narrador:

---

<sup>47</sup> Efectivamente, a Masacre de Mueda ocorría o 16 de xuño de 1960 e foi un dos últimos episodios da resistencia dos mozambicanos á dominación colonial antes do desencadeamento da loita armada de liberación nacional. A reunión tería sido pedida pola MANU, unha organización que pretendía a independencia daquela rexión de Mozambique, e acordada coa Administración. A razón dos disparos pénsase que podería ter sido simplemente unha demostración de para disuadir os mozambicanos de loitaren pola independencia. Despois da independencia, o día 16 de xuño pasou a ser conmemorado.

<sup>48</sup> Non atopamos documentada esta folga denominada “greve da vassoura” máis que nunha entrevista de Sérgio Vilarigues, histórico comunista e preso en Peniche durante uns meses, publicada no xornal *Avante!* en 1996. Di o seguinte ao respecto desta folga: “Até aí a limpeza era feita pelo pessoal da prisão, mas depois quiseram que fossem os presos a fazê-la. Não houve muito entendimento entre os presos, se devíamos varrer ou se não devíamos varrer, mas a malta da minha caserna entendeu que não, que isso era atentatório da nossa dignidade de presos políticos”. Disponível em <<http://www.pcp.pt/partido/anos/testemu/sergio.html>> [Consultado no día 17/07/2014]

<sup>49</sup> Vila costeira portuguesa pertencente ao concello de Peniche.



Hai dez anos ou así [...] que un comando do DRIL, composto por galegos e portugueses pretendían secuestrar en alta mar o transatlántico Santa María. Querían con isto denunciar as dictaduras de Salazar en Portugal e Franco en España. Fracasou estrepitosamente, si, pero ¿a que non sabes quen o lideraba? Pola banda dos galegos, Pepe Velo e o comandante J. Soutomaior e pola portuguesa Humberto Delgado... ¡e Galvão! Vaia camaleón, da dereita máis colonialista e fascista á pretendida reivindicación da esquerda... (R, 234).<sup>50</sup>

A narradora proclama, tamén mediante a alusión á realidade histórica, a liberación de Dinís: “Na noite do vinteseis ó vinteseite de abril de 1974 liberaron a todos os presos da cadea de Peniche e Caixas, os derradeiros homes en compartir a festa da chamada Revolución dos Cravos proclamada o día anterior” (R, 250). No entanto, a alusión á revolución non fica aí, senón que a continuación Aneiros trasládanos con preciso detalle, mediante a máis longa paréntese histórica de toda a obra, da que aquí só recolleemos algúns fragmentos por falta de espazo, os sucesos ocorridos neses días e que deron lugar á fin do Estado Novo. Chéganos, pois, da seguinte forma, a información sobre a preparación e posta en marcha da revolución<sup>51</sup>, ao tempo que lle chega ao liberado Raúl G:

Contáranlle que antes do golpe do vinte e cinco de abril producírase unha remodelación governamental no quince de marzo e un movemento militar no dezaseis dese mes. Na madrugada dese día o Rexemento de Infantaría 5 [...] executara unha marcha frustrada sobre Lisboa. Tiña como obxectivo depoñer o Goberno e acabar co réxime fascista. A rapidez coa que o Movemento dos Capitães, como así se chamou, deixou de ser unha protesta corporativa para se converter nunha cuestión política global era indiscutible. Entón souberon que aquel podería funcionar como primeiro ensaio e xa non había maneira de detelo porque todo un pobo estaba implicado na revolta (R, 252).<sup>52</sup>

---

<sup>50</sup> Refírese o fragmento á famosa Operación Dulcinea, que xa mencionamos no capítulo anterior, e que supuxo unha humillación para o goberno e para o propio Salazar. O capitán Henrique Galvão, cun comando de 22 homes, asaltaba o paquete transatlántico portugués Santa Maria en pleno mar das Caraíbas, apoderándose del, o día 22 de xaneiro de 1960.

<sup>51</sup> Para una correcta confrontación dos feitos narrados na novela, remitimos á “Cronología do 25 de abril”, publicada no número 5 da revista *Camões. Revista de Letras e Culturas Lusófonas*. Dispoñíbel na rede en <<http://www.instituto-camoes.pt/revista/cronologia.htm>> [Consultado no día 17/07/2014].

<sup>52</sup> A destitución dos xenerais Spínola e Costa Gomes o día 14 de marzo do 74 marcou a ruptura definitiva co réxime e, tal como conta Aneiros, o 5º Regimento de Infantaría das Caldas da Rainha marchou sobre Lisboa dous días despois. Aínda que foi facilmente derrotado, o movemento non desistiu e decidiu un golpe de forza (Labourdette, 2003: 595).

E continúa narrando os acontecementos daquel 25 de abril:

Establecido o posto de comando das forzas revoltosas no Rexemento de Enxeñería 1, na Pontinha, e difundidas as cancións *E despois do adeus* e *Grândola, Vila Morena*, que funcionaban como seña para o inicio da revolución...<sup>53</sup> [...] As unidades rebeldes procuraron apoderarse dos lugares estratéxicos (RTP, Radio Clube Portugués, Emisora Nacional, Cuartel Xeral da Rexión Militar...) da cidade de Lisboa (R, 252).<sup>54</sup>

Así conta a narradora, finalmente, o trunfo da revolución:

As rendicións sucedíanse coa forza das fichas de dominó que caen ó taboleiro. Os da Escola Práctica de Cabalería dirixíronse ó cuartel do Comando Xeral da GNR, no Carmo, co fin de obter a rendición de Marcelo Caetano que se refuxiara alí [...]. Despois de varios intentos de negociación, o xeneral Spínola, mandado polo MFA, entrou no Carmo e obtivo a rendición [...] esa mesma madrugada. Todo Portugal caeu rendido ós seus pés (R, 253).<sup>55</sup>

Para alén destas digresións que teñen a función de contextualizar no tempo, contribuíndo á precisión da localización temporal e á fidelidade ao real de toda a obra, existen aínda outras, aquelas que se remontan a un pasado moito máis afastado e están relacionadas, principalmente, con espazos da novela. No capítulo cuarto, por exemplo, á hora de localizar a zona da Marinha Grande, Aneiros engade a seguinte explicación:

A historia da Marinha Grande estaba estreitamente vencellada ó Pinhal do Rei, de feito sen el nunca nacería aquela vila inzada de fábricas vidreiras e operarios da construción. No século XVIII, por iniciativa do Marqués de Pombal, habilitárase alí a Real Fábrica de Vidros de Guilherme Stephens pola fartura de leña e area para a elaboración de vidro. Dende entón, o número de centros de produción non pararía de medrar e xa polo 1940 sumaba por centos os operarios [...] Arredor desta industria medrou un mercado de produtos agrícolas e do mar que supuñan a base económica de miles de persoas do contorno, entre elas, os veciños de San Pedro de Moel (R, 17).<sup>56</sup>

---

<sup>53</sup> O xornal *A República* fixera nesa mañá un breve anuncio coa fin de atraer a atención dos auditores para a emisión Limite, que a Radio Renascença transmitiría á noite (Labourdette, 2003: 596).

<sup>54</sup> O plano das operacións desa noite era coordinado polo militar Otelo Saraiva de Carvalho e, tras a música de Zeca Afonso, nos primeiros minutos do día 25, o MFA dominou, efectivamente, os sectores estratéxicos da capital como a radio, a televisión o cuartel ou o aeroporto (Labourdette, 2003: 596).

<sup>55</sup> Esteves (2013: 92) insiste na importancia da alianza “Povo-MFA, que foi chave das vitorias da revolución portuguesa e dos seus éxitos”.

<sup>56</sup> Véxase nota 15.

A autora bota man, máis unha vez, deste recurso no capítulo 4, para presentarnos o Pinhal do Rei, outro dos espazos centrais da trama, como xa temos indicado anteriormente:

O seu cultivo [de piñeiros] fora ordenado polo rei don Afonso III xa no século XIII e ampliado polo seu sucesor, don Dinís, consciente das virtudes do piñeiro no centroeste lusitano. Así, a madeira do piñeiral serviu para abastecer de materia prima ós estaleiros encargados da construción de naos que realizaron as viaxes transoceánicas cara a América e África no tempo dos descubrimentos. As expedicións lusas da Baixa Idade Media nutríronse das árbores bravas da Marinha grande para arribar ás colonias espalladas por máis de medio planeta (*R*, 22).<sup>57</sup>

No capítulo 9, durante a narración da escapada dos protagonistas a São Martinho do Porto, Aneiros ofrécenos tamén unhas notas sobre a historia da vila, contadas a Dinís por Filipa, de modo que a paréntese histórica está a funcionar de novo complementando a localización espacial:

En Alcobaça había unha abadía dedicada a Santa María que fora construída polos monxes cistercienses no século XIII seguindo o modelo da súa casa natal en Claraval, Francia. No seu seo, continuou Filipa, atopábanse os túmulos de Don Pedro I e dona Inés de Castro. Os dous cadaleitos góticos e adornados con leóns e anxos de pedra eran testemuñas dunha trágica historia de amor real (*R*, 76).<sup>58</sup>

## **2.2. Outros usos da realidade e da Historia**

Recollemos baixo este epígrafe outros elementos empregados por Aneiros na novela como recurso acorde ao realismo e á fidelidade histórica que a caracteriza, alén das xa comentadas digresións. As alusións históricas son moitas e entre elas chama a atención a

---

<sup>57</sup> O Pinhal de Leiria que marcou o inicio da plantación intensiva de piñeiro bravo en Portugal, foi, tal como indica Aneiros, inicialmente mandado plantar polo rei Afonso Henriques no século XIII, coa intención de protexer os terreos agrícolas da area transportada polo vento. Sería xa entre 1279 e 1325 substancialmente aumentado polo rei D. Dinis, para as dimensións actuais. O tamén coñecido como Pinhal do Rei foi, efectivamente, moi importante para os Descubrimentos Marítimos, pois foi a madeira extraída do lugar a usada para a construción das embarcacións que emprendían as expedicións coloniais. Ver nota 7.

<sup>58</sup> A Alcobaça é un concello portugués limítrofe co da Marinha Grande e pertencente tamén ao distrito de Leiria. Efectivamente, conta cun famoso mosteiro, a Real Abadía de Santa Maria de Alcobaça, que fora comezado en 1178 polos monxes de Cister. En 1910 foi declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO e, por tanto, na altura da visita de Dinís e Filipa xa o era. Os túmulos de D. Pedro I (1320-1367) e de D. Inês de Castro (1320-1355), unha das maiores esculturas tumulares da I.M. encóntranse a cada lado do transepto, conferindo un grande esplendor á igrexa.

continua presenza de figuras ou personaxes reais, da Historia portuguesa principalmente, que abalan, sen dúbida, o rótulo de “novela histórica” empregado para *Resistencia*. Outro dos recursos que funciona a prol do realismo é a concreta e exacta localización temporal da novela, da que tamén falaremos.

Sobre as personaxes pertencentes á realidade histórica, cómpre indicarmos que estas non se entrecruzan polo xeral coas personaxes de ficción da novela, o que sería, para parte da crítica, a entidade mesma da chamada “novela histórica” (Moncó Rebollo, 2008: 117). No entanto, estas personaxes reais, aínda sen participaren directamente na trama, tampouco son en *Resistencia* simple marco ou fondo desta, senón que as súas accións condicionan o desenvolvemento do relato. É o caso de Oliveira Salazar e Marcello Caetano, cuxa omnipresenza é total, superando ambos as dez aparicións ao longo do libro. Eles son os opresores do pobo portugués e, por tanto, os responsábeis últimos das circunstancias a que se ven sometidos os protagonistas de Aneiros. Desde o momento en que Salazar é sucedido no cargo por Caetano, ambos aparecen unidos e asociados en múltiples ocasións no relato<sup>59</sup>, semella que para incidir na idea de que a mudanza de nome non fai mudar a situación portuguesa naqueles anos, nun réxime caracterizado polo inmovilismo (Rosas, 2006).

No lado contrario, no da *resistencia* propiamente dita, están os nomes de dous dos máis coñecidos opositores ao Estado Novo, Álvaro Cunhal e Henrique Galvão. A presenza do primeiro é constante desde a dedicatoria do libro, en que Aneiros agradece “A Álvaro Cunhal. De corazón” (R, 7). Sabemos que o interese da autora por achegarse a testemuñas directas da época, levouna a pórse en contacto co líder comunista para coñecer de primeira man aspectos sobre o seu labor na oposición ou sobre a fuga de Peniche. Sobre a relación entre ambos remitimos ao ANEXO V, pois Aneiros conta varias anécdotas na entrevista que nos concedeu (ERA, 8).

---

<sup>59</sup> Sirva como exemplo esta pasaxe do capítulo 19 referido a Filipa: “Nin Salazar nin Marcelo Caetano merecían o seu perdón por tanta dor inxustificada e tanta violencia agochada tralo silencio e a aparente tranquilidade” (R, 153).

É nos capítulos da prisión, onde aparece este nome asociado xa á famosa fuga de Peniche. Será Rogério quen relate a Dinís durante as clases de xeografía “a fuga do cárcere militar do camarada Cunhal que naquel intre vivía e traballaba na clandestinidade” (R, 237).

Así conta a narradora, pois, a fuxida de Peniche daquel tres de xaneiro de 1960:

Liderados por Cunhal, membro do PCP dende a década dos trinta, dez homes evadíranse da fortificación para burla de todo o sistema de seguridade. O grupo de presos conseguira anestesiar ó carcereiro con material que chegara á prisión nun lote de roupa lavada. Unha sentinela axudou a pasar a un dos fuxitivos cara ó andar superior. Dende alí descenderon ó andar inferior por unha árbore, correron pola muralla uns metros e baixaron, un a un, a través da corda de lenzos cara ó foxo exterior. Logo de saltaren un muro chegaron á vila amparados pola escuridade. Varios automóviles con camaradas da resistencia recolléronos e leváronos a casas clandestinas (R, 237).<sup>60</sup>

Canto a Henrique Galvão, xa foi comentado o episodio que protagonizara xunto con Humberto Delgado no Santa Maria<sup>61</sup>, polo que agora centrarémonos na presentación que del se fai na obra como figura histórica clave. É a través das palabras de Lois como nos chega ao protagonista e aos lectores a historia de Galvão:

Galvão é rache un oficial garrido e fachendoso, bo amigo de Salazar, quen o nomeou para importantes cargos. Levou da súa man a Exposición Colonial de Porto e mesmo a Radiodifusión portuguesa e ¡ha, ha! –riu Lois- alí andou con mociñas a fartar. Mandárono a Angola logo de non sei que xogadela lle fixo ó Salazar. Pois en África deulle pola caza maior e vaia safaris fixo o cabrón. [...] quixo volver e coller máis poder. Mira ti, Dinís cómo se revirou contra o vello que o meteu na prisión. [...] Un día disque enfermou e como ninguén o sandaba conseguiu que o mandasen ó hospital de Santa María en Lisboa e, ¿imaxinas? Fíxolle as beiras a unha enfermeira, fugouse con ela e conseguiu un salvoconducto do propio Salazar para chegar a América (R, 134).

---

<sup>60</sup> A fuga da prisión de alta seguridade de Peniche en xaneiro de 1960 supuxo, como xa se apuntou, un golpe para Salazar e o Estado Novo. Xunto a Cunhal, escaparon outros nove destacados dirixentes e militantes do PCP: Joaquim Gomes, Carlos Costa, Jaime Serra, Francisco Miguel, José Carlos, Guilherme Carvalho, Pedro Soares, Rogério Carvalho e Francisco Martins Rodrigues. Sobre o papel destes dirixentes tras a fuga, véxase Morgadinho (2013).

<sup>61</sup> Véxase nota 50.

Alén destes, na obra figuran moitos máis nomes de persoas reais que a autora aproveita para introducir cando o contexto llo permite, como Spínola ao referir a Revolución do 74, os reis Afonso III e D. Dinís ao presentar o Pinhal do Rei ou Días Lourenço e Humberto Delgado ao falar da oposición salazarista. Non nos deteremos moito máis aquí, pois no ANEXO II recolleemos a relación completa de personaxes reais que aparecen en *Resistencia*, cunha breve explicación de cada un deles e as referencias correspondentes á súa aparición na novela.

Cómpre comentarmos, no entanto, aínda dúas últimas cuestións sobre as personaxes. Por un lado, mencionarmos o entrecruzamento que si se produce entre realidade e ficción mediante a cuestión da antroponimia. Referímonos ao feito de que os nomes dalgúns dos protagonistas da novela, veñen motivados por referentes reais da época, tal como nos fai saber a narradora. Así, no capítulo 3 coñecemos que António Gonçalves recibe o seu nome en homenaxe ao ditador Salazar, do que seu pai era fiel vasalo (*R*, 18); máis adiante sabemos que Isaura, no nacemento do fillo, “chamoulle Dinís en honra ao piñeiral que acollera a súa concepción”<sup>62</sup> (*R*, 29) e, finalmente, a nai de Filipa recibe o nome de Inés pola vontade de seu pai de honrar á “única raíña galega que tivera a historia portuguesa” (*R*, 50), en referencia clara a Inés de Castro.

Por outro lado, alén deste xogo literario da autora, parécenos interesante sinalar a presenza de Dinís Miranda<sup>63</sup> na obra, tanto na dedicatoria (*R*, 7) como no capítulo final, en que Filipa descobre na súa visita a Peniche o conto que este dedica ás súas fillas, “O beço [*sic.*] da lua” (*R*, 296). Trátase, de novo, do entrecruzamento de realidade e ficción, pois Miranda sería, na realidade, un recluso da prisión política durante a ditadura, cuxos contos, expostos actualmente no Museo Municipal de Peniche, foron o xerme de *Resistencia*, segundo a propia Aneiros conta na nosa entrevista (*ERA*, 1-2).

---

<sup>62</sup> Recordemos que o piñeiral recibía o nome de Pinhal do Rei en referencia a Don Dinís, pola falsa crenza de que fora este e non Afonso III quen ordenara a súa creación.

<sup>63</sup> Véxase ANEXO II.

A referencia a personaxes reais complementábase con outro recurso similar empregado polo autora, consistente na introdución de referencias a organismos, institucións ou grupos relacionados coa política e a sociedade portuguesa daquela altura, algúns dos cales xa foron sinalados ao longo do traballo e dos que recolleemos no ANEXO III as referencias completas. Estámonos a referir, por exemplo, á Comisión Nacional de Socorro a Presos Políticos, que axuda a Isaura a visitar a Dinís no cárcere (*R*, 208); á FRELIMO, contra a que se obrigado a loitar Dinís na guerra colonial, (*R*, 94-97), ou ao PCP, moi presente tamén na novela, sobre todo no momento de preparación das revoltas (*R*, 112-113). No entanto, o organismo que máis veces aparece mencionado na obra é, sen dúbida, a PIDE, que na época do marcelismo se convertería en DGS. Debemos pór isto en relación coa omnipresenza xa comentada de Salazar e Caetano na obra, pois, se estes representan o poder opresor, a policía do Estado Novo representa a realización desa opresión ante a *resistencia* dos protagonistas e a represión contra todo acto opositor.

Salazar creara a Policía de Vigilância e Defesa do Estado (PVDE) tras o plebiscito constitucional do 33 para a prevención e represión de “crimes políticos”.<sup>64</sup> Designada, a partir do 45, Policía Internacional de Defesa do Estado (PIDE), coa chegada de Caetano ao poder pasará a chamarse Direcção-Geral de Segurança (DGS) en 1969. No entanto, a pesar da mudanza de nome, os métodos e obxectivos mantéñense. Deste xeito, a autora, a semellanza do que facía ao aludir a Salazar e Caetano, tamén cada vez que se refire á policía do Estado Novo a partir do ano 68, faino asociando ambos nomes –PIDE e DGS–, incidindo na idea do inmovilismo durante o goberno de Marcelo Caetano. Recolleemos, a modo de exemplo, a referencia ao cambio de nome no capítulo 19 e outra alusión posterior en que a autora mantén ese dualismo na nomenclatura: “os homes da PIDE/DGS (como se dera en chamar trala chegada

---

<sup>64</sup> Existían aínda outros dous corpos de policía menos perigosos, mais eficaces para reprimir as reunións e manifestacións da oposición ao Estado Novo: a Guarda Nacional Republicana (GNR) e a Policía de Segurança Pública (PSP) (Labourdette, 2003: 555), ás cales tamén fai mención Aneiros na obra. Véxase Anexo III.

de Marcelo Caetano ó poder)” (R, 149) e “Oficiais da PIDE/DGS encargáronse de examinar conscienciadamente todas e cada unha das letras na procura de mensaxes codificadas” (R, 193).

Xa para finalizarmos con estes outros usos que do “real/histórico” se aprecian en *Resistencia*, cómpre referirmos a cuestión dos espazos da novela. Chama a atención a precisa localización espacial e a importancia que se lle dá a esta, converténdose, sen dúbida, nun dos trazos que achega máis realismo á obra. Segundo a autora –e así o puidemos comprobar– a inmensa maioría dos lugares do libro e a súa ambientación son reais e coñecidos por ela mesma, agás aqueles referidos a Mozambique –Vila Cabral, o Niassa, Machava...–, a que accedeu a través de memorias de combatentes nas guerras coloniais (ERA, 11). Sobre a elección da Marinha Grande para a localización da historia, Aneiros reconece que tras pasar uns días na zona, pareceulle un lugar con grande evocación literaria: o Pinhal do Rei, as fábricas de vidro, os areais maravillosos –como a Praia Velha ou a da Cuncha–, Saõ Martinho do Porto, San Pedro de Moel ou Leiría (ERA, 10).

Para alén das localizacións esenciais da costa da Marinha Grande, de Mozambique e de Peniche, que son descritas con exactitude, Teñen chamado a nosa atención dous episodios en que o uso dos espazos enriquece enormemente a trama narrativa. O primeiro deles é o momento da morte da irmá de Rui Rodrigues en Lisboa, no capítulo sexto, cando “malia as ameazas dos mestres e do director do centro [Rui] escapou fóra das reixas e buscouna onde soñou atopala: na Alfama. O pequeno vagavundeou pola Calçada de São Vicente, pola rúa dos Corvos, pola rúa das Escolas, pola rúa do Vigargo, polo Zagalo...” (R, 45). Un pouco máis adiante, cando o rapaz viaxa xa co cadaleito da súa irmá, fai o seu derradeiro percorrido pola cidade: “Fixéralle ó conductor dar unha volta polo Comércio, polo Rossio, polo Chiado e Marquês de Pombal, sen atreverse a ordenarlle subir á Alfama” (R, 48).

O segundo momento de que falabamos atopámolo no capítulo 36, no regreso de Filipa a Coímbra, cando a protagonista, emocionada, percorre as rúas da súa infancia:



Percorreu a avenida de Sá Bandeira con nostalxia e marcada alegría [...]. Mete os dedos na inmensa cunha da Sé Vella e persignouse [...]. Abandonou o templo de inmediato para bicar unha parede que sentía máis preto do corazón: a da casa de Zeca Afonso [...]. Seguiu pola rúa Quebra Costas e o Arco da Almadina [...], Meteuse pola rúa das Azeiteiras; a do Poço; a das Ras; o Beço dos Prazeres; o Largo da Portagem e o cemiterio onde repousaban os restos de Inés, súa nai (R, 286-267).

### **2.3. Dous episodios emblemáticos: A guerra colonial e a prisión en Peniche**

Se hai algunha parte da novela en que a autora semella esforzarse especialmente en ser fiel á realidade histórica en que se sitúa, eses son os episodios da guerra colonial en Mozambique e da prisión en Peniche. Isto débese, sen dúbida, á importancia de ambos no desenvolvemento da trama, alén de seren dous puntos fundamentais da historia portuguesa deses anos e da *resistencia* que dá nome á obra. Como xa se apuntou na sección dedicada ás digresións históricas, estas aumentan considerabelmente nos capítulos 10 («A guerra colonial como destino») e 11 («A vontade da FRELIMO») e entre os capítulos 19 e 31, cando se narran estes dous episodios. Do mesmo xeito, aumentan tamén as alusións a personaxes reais e a feitos que marcaran a Historia de Portugal, como vimos indicando ao longo do noso traballo. Por elo, decidimos dedicar unha breve parte desta achega a *Resistencia* a analizar máis polo miúdo algunhas cuestións relacionadas coa guerra colonial e coa vida en Peniche.

Comezando pola guerra, Aneiros describe minuciosamente o proceso polo que pasa Dinís, ao igual que o farían outros recrutados, desde o momento que son seleccionados para partiren a África a loitar. Antes de máis, a autora contextualiza a narración coa seguinte paréntese histórica no inicio do décimo capítulo:

A guerra nas colonias africanas comezara anos antes, en 1961, tras décadas de revoltas e a tentativa absurda de Salazar de negar o evidente. A súa teima de “orgulhosamente sós”, indiferente ó devir da política internacional, acadou no conflito intercontinental un dos seus maiores expoñentes. Angola destapara o tapón da botella dos conflitos ó que Mozambique e Guinea non dubidaran en se sumar. Toda

a África portuguesa era un fervedoiro de pólvora e intereses comerciais naqueles inicios da década dos sesenta (R, 79).

Tras isto, conta a narradora como o protagonista, unha vez recrutado, é formado “nun centro de instrucción preto de Lisboa” e intégrase nunha unidade onde aprende “o oficio de *fuzileiro*<sup>65</sup> e tamén o da transmisión” (R, 80). Alí realizou Dinís cos seus compañeiros os exercicios de instrución da IAO<sup>66</sup>, antes de partiren cara a Mozambique. Tal como se narra na obra, mentres se formaba a unidade militar, realizábanse os exercicios de instrución cos consellos sobre o que facer en África para sobrevivir, recibíanse as vacinas, o camuflado e, por fin, a unidade estaba lista. Así, tras un breve permiso de dez días na casa, os recrutados –entre eles Dinís– embarcaban nun navío do peirao lisboeta, que os levaría até Mozambique.

O momento da despedida no porto, coas familias amoreadas “nas varandas con panos brancos ondeando no vento e carteis cos nomes dos militares para chamaren a súa atención” (R, 82), é narrado por Aneiros con especial atención:

Mandáronos desfilas de novo perante un home engalanado con medallas de alto rango militar, as señoras do *Movimento Nacional Feminino* e da *Cruz Vermella*. Unha daquelas submisas mulleres entregoulle uns folletos coloreados sobre o territorio de destino que nin ollou, angustiado como estaba polas melodías militares e todo aquel balbordo de saúdos e consignas patrióticas (R, 82).<sup>67</sup>

A continuación, a narradora trasládanos o himno que cantarían no momento da despedida, “o himno da mocidade, ese que por decreto lei ficara como a obrigada expresión coral da submissão lusiada” (R, 83). A canción que recolle Aneiros (“*Lá vamos cantando e rindo, levados, sim, pela voz do som tremendo, das tubas clangor sem fim...*”, R, 82) era,

---

<sup>65</sup> Orixinalmente, *fuzileiro* era un soldado armado con espingarda de pederneira. Estes desapareceran na fin do século XIX, coa caída en desuso das tácticas de formación cerrada. No entanto, o uso do termo *fuzileiro* mantívose, en algunhas forzas armadas, para designar os soldados de infantaría. Hoxe en día, nos países de lingua portuguesa, é especialmente usado para designar os soldados de infantaría naval.

<sup>66</sup> Véxase ANEXO III.

<sup>67</sup> Efectivamente, nestas despedidas a tropa, chegada de varios puntos en cantidade suficiente para encher o navío, desfilaba de novo no peirao, sempre ante un alto representante militar, coas señoras do *Movimento Nacional Feminino* e da *Cruz Vermelha* a distribuíren lembranzas e máis folletos sobre o territorio de destino. Sobre estas organizacións, ver ANEXO III.

efectivamente, o himno oficial da Mocidade Portuguesa<sup>68</sup>, unha música de exaltación patriótica e de obrigado ensino nas aulas das escolas do país<sup>69</sup>.

Xa en Mozambique, Aneiros emprega unha localización concreta e precisa, como ven sendo habitual, para situar os militares, entre os que se atopa Dinís. O protagonista sufrirá unha grave doenza durante a súa estadía en Vila Cabral, que logo será coñecida como o *stress da guerra* e que, efectivamente, era común a moitos dos portugueses que alá ían combater. Alén diso, a autora fai continuas referencias á dureza da realidade da guerra e ao engano e a terxiversación que desta se facía en Portugal. Así o mostra, por exemplo, na fin do capítulo 10: “Nada do que a propaganda oficial e a prensa do continente [europeo] lles contara tiña que ver con aquela realidade de escravitude e absurdo que os envolvía coa mesma intensidade que a calor húmida da selva” (R, 92)<sup>70</sup>. Durante a descrición da loita armada, volvemos ter numerosas referencias á realidade africana como as da FRELIMO<sup>71</sup>, que dominou a guerra contra os portugueses naquel territorio, as das armas empregadas polos soldados portugueses (R, 93) ou das cruentas batallas que na zona do Niassa se estaban a producir desde o ano 64<sup>72</sup>.

Como xa foi mencionado no capítulo anterior, para o Estado Novo o modelo de Imperio colonial era o ideal, formaba parte do concepto de “lusitanidade”, e a xuventude debía defendelo e valoralo. A isto dedicarán todas as súas forzas Salazar e Marcelo Caetano, ao que a guerra colonial lle custará o cargo (Sánchez Cervelló: 2007). A pesar dos esforzos e do ocultamento da realidade que existía en Portugal, tanto a oposición interior –incluso a estudantil<sup>73</sup>– como o

---

<sup>68</sup> Véxase ANEXO III.

<sup>69</sup> Para máis información sobre este e outros aspectos relacionados, consultar a completa web “Guerra colonial (1961-1974)”, unha base de datos coordinada por Pedro Lauret e baseado en Afonso e Gomes (2000). Dispoñíbel en <<http://www.guerracolonia.org>> [Consultado no día 17/07/2014].

<sup>70</sup> Ribeiro (2004: 174) sinala, neste sentido, que un manto de silencio cubría “uuha opinión pública desinformada e controlada, distante dos problemas africanos e educada nunha intensa mística imperial”.

<sup>71</sup> Ver ANEXO III.

<sup>72</sup> A guerra iniciárase, case simultaneamente, en 1964, nos extremos nordeste (Niassa) e noroeste (Mueda) de Mozambique. Nese ano ocorren as primeiras accións da loita armada nos distritos do Niassa, de Cabo Delgado e de Tete. No Niassa, a Frelimo conducía a guerra con dúas finalidades: a primeira, crear unha «zona libertada», e a segunda, unha zona de pasaxe para sur, en dirección à Zambézia e a Tete.

<sup>73</sup> Carrillo Linares e Cardina (2012) afondan na importancia dentro da oposición salazarista do movemento estudantil portugués que, na segunda metade dos sesenta comeza a abandonar o discurso de defensa da autonomía

exterior eran conscientes da incoherencia da firme negativa do goberno portugués ante calquera alternativa que non fose a vitoria militar, pois os territorios ultramarinos eran, segundo eles, “inquestionavelmente portugueses” (Palomanes Martinho, 2012: 106). Neste sentido, xa finalmente, recollemos o seguinte fragmento de *Resistencia*, referido á FRELIMO:

De nada serviu toda a propaganda que os superiores do exército fixeran menosprezando o poder da organización independentista. Dicían que non eran máis que uns centos de homes dispostos a saquear e matar por unha presa de dólares, pero os soldados portugueses do Niassa sabían que non era certo. As forzas do movemento revolucionario empregaban habitualmente o sistema das emboscadas para ferir os destacamentos lusos e normalmente facían con accións de fogo nas que empregaban minas, granadas e bombas de man. Cada vez os ataques resultaban máis frecuentes por moito que xustificasen que a FRELIMO, constituída por diversos grupos facciosos, estaba a desartellarse por mor dunha descohesión interna. Xa ningún militar luso cría niso. Dende que fora creada o vintecinco de xuño de 1962 baixo o liderado de Eduardo Mondlane<sup>74</sup>, non fixera máis que medrar e recibir o apoio de países tan diversos como Estados Unidos, China ou Alxeria. Sabían todos (R, 94-95).

Xa no que se refire á narración da prisión de Dinís en Peniche, é Filipa a primeira que indaga sobre o penal en que será encerrado o seu namorado:

Sabía xa que Peniche era unha vila mariñeira do sur situada nunha antiga illa unida á terra por unha lingua de area. [...] Daba acubillo a unha prisión militar de alta seguridade ben afamada pola súa inaccesibilidade. Equidistante a oitenta quilómetros de Lisboa polo sur e á Marinha Grande polo norte, poucas persoas conseguiran fuxir de alí, entre eles o camarada Álvaro Cunhal, contábanlle a Filipa entusiasmados os membros da resistencia. [...] Dicían que a vida entre os seus muros era un inferno de sol, salmoira e humidade. Dicían que as visitas estaban absolutamente controladas<sup>75</sup>. Dicían que os compañeiros presos sufrían todo tipo de atrocidades e longos días de illamento<sup>76</sup> no Baluarte redondo, na *Casa da água* e nas propias celas claustrofóbicas (R, 154).<sup>77</sup>

---

estudiantil para adoptar unha postura claramente antiditatorial, preocupada pola cuestión social e, incluso, pola cuestión colonial, co reclamo do fin da guerra e a independencia das colonias.

<sup>74</sup> Ver ANEXO II.

<sup>75</sup> Así o comprobaremos durante a estadia de Dinís na prisión. As visitas serán moi controladas, producíndose sempre coa presenza dos gardas, e a súa prohibición funciona como castigo aos presos en sucesivas ocasións.

<sup>76</sup> Dinís será un dos presos que permanece 99 días nunha desas celas de illamento, desde a súa chegada a prisión, como nos conta narradora no capítulo 21.

<sup>77</sup> Rodríguez Gallardo (2011) dá conta dalgunhas destas características que compartían as prisións políticas do Estado Novo, en concreto Peniche e Caxias.

O Forte de Peniche contaba realmente cunhas instalacións totalmente deficientes, con celas húmidas e escuras, sempre sobreocupadas. Alén diso, habilitábanse certos espazos como “segredos”, como os baluartes, onde as condicións de illamento eran durísimas. As obras levadas a cabo durante os anos 50 e 60 converteron o forte nunha prisión de máxima seguridade (Medeiros, 2006: 50) e, como se encontraba considerabelmente lonxe de Lisboa, serviu para apartar a poboación reclusa, dificultando o réxime de visitas e alongando o cumprimento das penas (Rodríguez Gallardo, 2011: 342). Sobre a distribución do edificio e a súa historia volve falar Aneiros no capítulo 22:

A fortaleza de Peniche, disque, era un istmo de terra pegado ó continente por un regueiro de xabre. Vila de pescadores e cativos dende antano, no recinto amurallado houbera disidentes da monarquía, pretendidos sabotadores da coroa, defensores acérrimos dos reis lusos e, daquela, presos políticos do réxime autárquico. Daquela, a finais dos anos sesenta, contaba con tres pavillóns de alta seguridade entre os que repartían o cento de presos. O pavillón A dispuña de dous pisos de salas colectivas; o B de tres pisos de catro celas individuais cada un e o C, un primeiro e segundo andar de salas colectivas e o terceiro de celas individuais. Dinís permanecera recluído os primeiros tres meses do que denominaban réxime de observación nunha cela illada e pechada (R, 188).

Construído no século XVI, o Forte de Peniche tiña nos seus comezos unha función defensiva, mais a partir do século XIX pasa a funcionar como prisión, tal como apunta a autora, ao servizo de distintas causas: na época das invasións napoleónicas, na das Guerra Liberais – tanto para liberais como para absolutistas–, durante a I Guerra Mundial para alemáns e austríacos, e finalmente, durante o Estado Novo, para os presos políticos. Canto a descrición do edificio que a narradora fai, atopamos referencias evidentes a unha das novelas de Álvaro Cunhal, *A estrela de seis pontas* (1994)<sup>78</sup>, en que se describe a vida nunha cárcere do Estado Novo á que chegan tres presos políticos comunistas.

---

<sup>78</sup> Trátase dunha das varias novelas publicadas por Cunhal baixo o pseudónimo de Manuel Tiago en Edições Avante, dentro da colección Resistência.

No que se refire á vida na prisión, moi tratada tamén nas obras de Cunhal<sup>79</sup>, atopamos múltiples alusións á realidade en *Resistencia*. Alén do illamento e das escasas visitas, os presos eran sometidos a torturas cruentas como a do soño ou a da estatua, tal como sinalan Nobre de Melo (1975) e Rodríguez Gallardo (2011). Aneiros dá conta deste cruento trato, de que Dinís é vítima, e describe outros detalles da vida en Peniche:

O patio exterior era pequeno, con pavimento estirado como branquias asfixiantes cara ó ceo e esquinas trapezoides que facilitaban os pasos asimétricos. O regulamento da prisión impedía aquí as conversas entre os presos que, durante escasos minutos ó día, daban paseos en círculos concéntricos con intención de desferruxaren as articulacións (R, 191).

As prisións políticas especiais da Ditadura transformáronse nun elemento fundamental da política represiva do Estado Novo, dirixida a todo tipo de oposición ao réxime salazarista, por leves que fosen as súas reivindicacións. Así, a narradora da novela cóntanos no capítulo 22 a variedade que había de presos no cárcere de Peniche:

Había no ano 1968 en Peniche mozos afiliados á Federação das Juventudes Comunistas Portuguesas, anarquistas, republicanos, socialistas e simples disidentes do réxime fascista. Eran obreiros de fábrica, ferroviarios, traballadores agrícolas do sur, estudantes, empregados de servicios, algúns militares e intelectuais. Homes de distintas idades confinados naquel lugar (R, 190-191).

Como vimos até aquí, os capítulos da prisión de Dinís por causa da revolta na fábrica, aqueles localizados exclusivamente no Forte de Peniche, están narrados con todo detalle, reflectindo á perfección a realidade que se vivía nesta e noutras prisións do Estado Novo. Chama especialmente a atención, aínda que non nos deteremos máis nestes aspectos, como se describe a relación entre os presos, as estratexias que empregaban para poderen falar das fugas e preparalas ou o trato que con eles tiñan os policías e traballadores da prisión dos que “algúns,

---

<sup>79</sup> As novelas de Manuel Tiago pseudónimo de Álvaro Cunhal, presentan continuas alusións á propia biografía do seu autor e narran aspectos como a vida na prisión (*A estrela de seis pontas*), a fuxida dun preso político (*Cinco días, cinco noites*, 1994), ou a organización clandestina do Partido Comunista Portugués e as revoltas que os seus membros preparaban na clandestinidade (*Até amanhã, camaradas*, 1975).

só algúns [...] habían valer polos presos en circunstancias ben adversas e serían mesmo cómplices das súas folgas, as súas demandas e as súas fuxidas” (*R*, 184).

Non podemos deixar de recordar, finalmente, que no derradeiro capítulo da obra, aquel en que Filipa volve a Portugal para depositar as cinzas de Rui, a protagonista regresa a Peniche, 30 anos despois, e a autora describe, coma sempre fielmente, a situación da fortaleza na actualidade, convertida en museo municipal. Así o refire xa no capítulo 33, cando coñecemos a vida de Dinís após 1974: “Do que nunca máis quixo saber foi de Peniche. Nin cando o convidaron a visitar o recentemente inaugurado museo da Cámara Municipal quixo estar alí” (*R*, 271). Estase a referir Aneiros ao ano 1984, momento en que, efectivamente, un dos tres pavillóns do Forte de Peniche fica aberto ao público como Museu Municipal, exhibindo o seu patrimonio arqueolóxico, histórico e etnográfico. De feito, foi mellorado o chamado Núcleo da Resistência, con restauracións e reconstrución do ambiente da prisión na altura do Estado Novo<sup>80</sup>.

No capítulo final, como dicíamos, a narradora infórmanos sobre todo iso a medida que Filipa o vai coñecendo na súa visita ao museo, con guía incluído. Este explica á protagonista, por exemplo, o seguinte sobre a historia de Peniche, que consideramos resume ben, para concluírmos, o que Rosa Aneiros quere transmitir:

A fortaleza de Peniche foi fortificada en 1557, logo sufriu diversos cambios ata ser cualificada en 1645 polo entón Cnselho de Guerra como a principal chave do Reino pola parte do mar. [...] tivo un papel estratéxico dende o punto de vista político e militar ata que o fillo de..., ben ata que o que eles denominaron Estado Novo o converteu, tralas modificacións arquitectónicas que consideraron oportunas, nun presidio político de alta seguridade. Corenta anos..., de 1934 a 1974. Aquí, xa verá vostede, e xa saberá tamén, sufriron, loitaron e morreron centos de patriotas portugueses de diferentes credos en loita pola causa da liberdade (*R*, 292).

---

<sup>80</sup> Para máis información, pódese consultar a páxina web do municipio de Peniche, onde existe una sección dedicada ao Forte, hoxe Museu Municipal: <<http://www.cm-peniche.pt/>> [Consultado no día 16/07/20114].

## Conclusións

Ao longo do noso estudo pretendemos aproximarnos a *Resistencia* desde o punto de vista do histórico, por consideralo un dos aspectos máis destacábeis da novela de Rosa Aneiros. Unha primeira lectura do libro, a que fai calquera lector, dá para ver que a Historia non é aquí un tema menor, un simple pano de fondo en que ocorre unha trama inventada, polo que a través da nosa análise nos propuxemos ver en que medida iso é así e como afecta ao resultado final da obra.

Puidemos ver, no primeiro capítulo, como unha das bazas imprescindíbeis para conseguir que a novela sexa fiel á realidade histórica é a localización temporal, que en *Resistencia* é concreta e precisa. O núcleo da obra localízase no Portugal do Estado Novo, o que condicionará enormemente o desenvolvemento da trama, como puidemos comprobar. Poderíamos afirmar, pois, que non se trata simplemente dunha localización histórica, senón dunha participación da Historia na ficción e viceversa.

Ao longo do segundo capítulo fixemos un percorrido por algúns dos usos do “real/histórico” máis visíbeis na novela, como as digresións propiamente históricas ou a alusión a personaxes e espazos reais. Finalmente, tratamos aquí en profundidade dúas partes fundamentais da obra, a guerra en Mozambique e a prisión en Peniche, que reflicten tamén dous episodios fundamentais na Historia portuguesa, a longa guerra colonial que acabará por derrocar o réxime ditatorial e a tremenda represión política que caracterizou o Estado Novo.

Como dicíamos, o uso por parte de Aneiros dos recursos estudados provocan un resultado brillante en que realidade e ficción se entrecruzan facendo que ás veces *Resistencia* pareza a biografía dunhas vítimas da ditadura salazarista e logo marcelista. As personaxes da novela, aínda sen mesturárense coas reais, participan na Historia, nos acontecementos reais da época e iso fai, por tanto, que a ficción participe da realidade e a realidade da ficción, converténdose Dinís e Filipa en perfectos exemplos (case) reais da *resistencia*.



## Bibliografía

Aneiros, Rosa (2013): *Resistencia* (Vigo: Xerais).

Afonso, Aniceto e Gomes, Carlos de Matos (2000): *Guerra Colonial* (Lisboa: Editorial Notícias).

Asorey Vidal, Daniel (2007): “Apuntamentos sobre dúas narradoras: para una tentativa de clasificación e lectura de *Concubinas*, de Inma López Silva, e *Resistencia*, de Rosa Aneiros”, en González, H. e Lama, M. X. (eds.): *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e outros pobos da Península* (Sada: Edicións do Castro), 33-43.

Carrillo-Linares, A. e Cardina, M. (2012): “Contra el Estado Novo y el Nuevo Estado. El movimiento estudiantil ibérico antifascista”, *HISPANIA. Revista Española de Historia*, LXXII, 242, 639-668.

Catroga, Fernando (2011): “Salazar e a ditadura como regime”, *Cercles. Revista d'història cultural*, 14, 110-140.

Cunha Martins, Rui (coord.) (2011): *Portugal 1974. Transição política em perspectiva histórica* (Coímbra: Universidade de Coímbra).

Esteves, José Augusto (2013): “A revolução portuguesa: os valores de Abril no futuro de Portugal”, *Vértice*, 169, 89-94.

Franco Rubio, Gloria (2008): “Historia y narración histórica. Algunas reflexiones” en Franco, G. e Llorca, F. (eds.): *Las mujeres entre la realidad y la ficción. Una mirada feminista a la literatura española* (Granada: Universidad de Granada), 17-37.

- Garcia, José Manuel (2010): *Dicionário Essencial de História de Portugal* (Lisboa: Editorial Presença).
- Gómez Rufo, Antonio (2006): “La novela histórica como pretexto y como compromiso”, en Jurado Morales, J. (coord.): *Reflexiones sobre la Novela Histórica* (Cádiz: Universidad de Cádiz), 51-65.
- Harlow, Bárbara (1993): *Literatura de resistencia* (Santiago de Compostela: Laidvento).
- Labourdette, Jean-François (2003): *História de Portugal* (Lisboa: Publicações Dom Quixote).
- Lefere, Robin (2013): *La novela histórica: (re)definición, caracterización, tipología* (Madrid: Visor Libros).
- Medeiros Ferreira, José (2000): “Após o 25 de abril”, en Tengarrinha, J. (org.): *História de Portugal* (São Paulo: Editora da Universidade do Sagrado Coração), 341-370.
- Medeiros, Pedro (2006): *Voz do Silêncio. Prisões políticas portuguesas* (Coímbra: Centro de Documentação 25 de Abril da Universidade de Coímbra).
- Moncó Rebollo (2008): “Historia, Literatura y Antropología: el caso de *Los Demonios de Teresa*”, en Franco, G. e Llorca, F. (eds.): *Las mujeres entre la realidad y la ficción. Una mirada feminista a la literatura española* (Granada: Universidad de Granada), 113-131.
- Morgadinho, Maria da Piedade (2013): “A revolução democrática e nacional, o rumo da vitória”, *Vértice*, 169, 81-88.
- Nobre de Melo, R. Nery (1975): *Mulheres portuguesas na Resistência* (Lisboa: Seara Nova).

- Reis Torgal, Luís (2000): “O Estado Novo. Fascismo, salazarismo e Europa”, en Tengarrinha, J. (org.): *História de Portugal* (São Paulo: Editora da Universidade do Sagrado Coração), 315-340.
- Ribeiro, Margarida Calafate (2004): *Uma História de Regressos. Império, Guerra Colonial e Pós-Colonialismo* (Porto: Afrontamento).
- Rodríguez Gallardo, Ángel (2011): “Mujeres en prisión durante la dictadura portuguesa”, *Studia Historica. Historia Contemporánea*, 29, 337-366.
- Rosas, Fernando (1999): “O marcelismo ou a falência da política de transição no Estado Novo”, en Brandão de Brito, J. M. (coord.): *Do marcelismo ao fim do imperio* (Lisboa: Editorial Notícias), 15-59.
- Rosas, Fernando (2003): “La oposición a la dictadura militar y al Estado Novo (1926-1974). La larga marcha de las izquierdas portuguesas”, *Studia Historica. Historia Contemporánea*, 21, 137-154.
- Rosas, Fernando (2006): “Pensamiento y acción política en el Portugal del siglo XX”, en Gómez, B. e Palacios, D. (eds.): *Una historia política de Portugal. La difícil conquista de la democracia* (Madrid: Siglo XXI), 51-110.
- Sánchez Cervelló, Josep (2003): “A Guerra Colonial no tempo de Marcello Caetano”, *História*, 57, 38-49.
- Sánchez Cervelló, Josep (2007): “El nudo gordiano del régimen: Marcelo Caetano y la cuestión colonial”, *Espacio, Tiempo y Forma, Serie V, Historia Contemporánea*, 19, 103-113.